

A ATLÁNTIDA

de J. Verdaguer

Traducción de Manuel Rodríguez López

XUNTA DE GALICIA

Conselleiro de Cultura

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe

Director Xeral de Cultura

Homero José M^a Pérez Quintana

Subdirector Xeral de Cultura

Xabier Senín Fernández

© Xunta de Galicia

Edita

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Cultura

Traducción

Manuel Rodríguez López

Deseño Cuberta

Antonio Castro Ferreiro

Imprime

Aroprint, s.l.

I.S.B.N.: 84-453-1243-X

Depósito Legal: PO-425-94

O rexurdimento, fenómeno transcendental na recuperación da cultura galega e na plasmación da nosa identidade, non é, nin moito menos, un fenómeno aillado. Inscríbese polo contrario nun movemento máis amplo, inscrito no romántico século XIX, e con paralelismos entre os que a Renaixença catalana é un cercano e irmán exemplo. A importancia que para nós teñen obras da transcendencia dos Cantares Galegos de Rosalía, téñena para os cataláns poemas como a magnífica obra de Jacint Verdaguer, L'Atlàntida, e a bo seguro que esta correspondencia espiritual facilitou sempre e seguirá facilitando, a mutua comprensión e disfrute das grandes obras de ámbolos dous pobos.

Un aspecto estaba pendente neste achegamento cultural, a traducción desta gran obra épica que restaura en certo modo a lingua catalana e que a eleva a un nivel literario que a convertería desde entón nun faro e nun espello no que puidesen mirarse os autores desta tan fermosa lingua. Manuel Rodríguez López, galego de nacemento e de corazón e catalán de adopción é quen ten o mérito de emprender, por primeira vez, este tan encomiable labor. Ninguén mellor ca el, poeta na nosa lingua e coñecedor a fondo da catalana, con ampla formación humanística e coñecemento da cultura e mitoloxías clásicas, para emprender tan difícil e fermosa empresa. Ninguén coma el podería sen dúbida facer galego para sempre este gran poema. A homenaxe desta publicación, que lamentablemente non poderá xa disfruta-lo seu responsable literario, é un curto premio a tantas horas de traballo e desvelo. A súa lectura polos galegos é sen dúbida a homenaxe que el escollería para os seus desvelos, e estamos seguros que tal recoñecemento non lle faltará a tan interesante libro.

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe

Conselleiro de Cultura

Excmo. Sr. D. Antonio López

Levado polas bendicidas ás das túas naves,
busquei a laranxeira en flor das Hespérides;
mais ¡ai! xa é despoxos
da onda que longos anos hai
señoreou, e só podo ofrecerche, se che
pracen, estas follas da árbore do froito
de ouro.

Jacinto Verdaguer, Pbro.

Vapor Transatlántico *Ciudad Condal* - 18 de Novembro de 1876.

ÍNDICE

Prólogo	9
Introducción	13
A Atlántida	15
Canto primeiro: O Incendio dos Pireneos	21
Canto segundo: O Horto dos Hespérides	33
Canto terceiro: Os Atlantes	43
Canto cuarto: Xibraltar Aberto	53
Canto quinto: A Catarata	61
Canto sexto: Hesperis	67
Canto sétimo: Coro das Illas Gregas	79
Delos	83
As Clíclades	85
As Equínades	86
Morea	87
Sicilia	88
Lesbos	89
Tempe	91
Canto oitavo: O Afundimento	95
Canto noveno: A Torre dos Titáns	105
Canto Décimo: A Nova Hesperia	117
Balada a Mallorca	125
Conclusión:	133
Colón	135
Soño de Sabel	139

PRÓLOGO

(Da segunda edición)

Houbo grandes terremotos e inundacións, e no curto espacio dunha noite A Atlántida afondou na terra entreaberta.

Platón

Ó ler nun dos magníficos diálogos de Platón que Solón ía cantar o gran feito xeolóxico do afondamento da Atlántida cando a morte, por mala ventura nosa, xeou as súas inspiracións antes de nacer eu, as cores da vergonza véñenme á cara e sinto caer das miñas mans o meu pequeno libro, convencido de que só á calor do sol de Grecia se podería escribir, a carón das mesmas fontes antigas da tradición que truncaron as ruínas dos pobos, o esquecemento e a descrenza.

Agora, ó sacalo á luz, vexo con pesar qué suntuoso edificio tería saído daquelas fermosas pedras, se caesen nunha man mestra, e que habería tena de sobra para erguer un carballo no lugar onde plantei este caxigo, que aínda que caxigo noviño e mal enraizado, custoume máis que se o tivese regado con sangue das veas.

Era nos primeiros voos da miña mocidade, e polo tanto máis perdoable, cando, pouco satisfeito das miñas cantigas e coplas, me atrevín a por as mans nesta obra, illado nunha "masía" da chaira de Vich, sen ter ollado máis terra cá que se albisca dende un picouto das serras que a envolven, e coñecendo o mar como se só o vise pintado; mais iso e o meu pouco sentido puxéronme a pluma nas mans; doutra maneira xamais me tivera arriscado. O meu afastamento dos grandes centros e a miña falla de experiencia literaria, e, sobre todo, o espectáculo sempre novo da natureza, que coas máis pequenas dá a imaxe das cousas meirandes, fixéronme tomar o voo á boa de Deus, sen me decatarse da pouca forza das miñas ás. As antigas crónicas de Catalunya e de España, das que gustaba escudriñar sobre todo as primeiras follas, enchéronme a fantasía daqueles feitos que, de tan distantes e emborcados como estaban na bruma dos tempos primitivos, a historia vai esquecendo e perdendo o concepto, e nunha obra ascética de Nieremberg lin por primeira vez, entre os grandes castigos con que Deus flaxelou a terra, o afundimento da que soamente sabios xeólogos e botánicos ven asolagada no fondo da cunca do Atlántico.

Á sombra das súas laranxeiras, ¡que feiticeiras me pareceron as Hespérides, amor da Grecia antiga, que fixeron suspirar tan docemente as liras dos seus poetas! ¡que estremecedor o Pireneo entre flamas, pero que tentadoras e belas as ondas de ouro e prata que corrían das súas entrañas! ¡que grande Hércules alongando co sepulcro de Pirene a cordilleira á que deu nome, batendo a golpes de clava ós xigantes da Crau na Provenza, aniquilando a Xerión e ó líbico Antheu, espantando as Haroias e Gorgonas, e, no seu derradeiro traballo, esportelando a montaña de Calpe, pechadura do Mediterráneo, e emborcándoo coma un río na veciña Atlántida, aquela ponte levadiza que Deus

rompeu para incomunicar en épocas de corrupción ós mundos, voltos a unir no máis fermoso dos séculos modernos polos titánicos brazos de Colón.

Este, enterrando as columnas do *Non plus ultra* e rachando a cortina do *Mar tenebroso*, semelloume a máis xentil coroa do poema que me atrevín a emprender con demasiado ardor, empezando a escribir os primeiros cantos.

Quixen recuar cen veces, coma quen entra nun antro abraiante onde ninguén sondeou os abismos; cen veces deixei caer desfalecido o mundo das miñas pobres inspiracións costas abaixo, e outras cen veces, coma Sísifo, volví subír cara ó empinado cume o abrumador peso tan mal medido das miñas costas de poeta. Nesa loita terrible na que, vencido ou vencedor, sempre era eu quen recibía faíscas, unha enfermidade fíxome trocar os doces aires da patria polas ondas do mar, non tan amargueiras para min dende que arrolaban os meus recendentes soños, e con cantigas e música me chamaban a el fermosas visións de mocidade. Pasaron falangueiras ou aterradoras diante dos meus ollos cegados, e, caídas as barreiras das miñas montañas que botaba de menos, o meu horizonte poético ensanchouse coma un ceo que se despexa.

Vin Cádiz, a de cen torres de marfil, Ávila e Calpe, que semellan dous xigantes que acaba de separar o Mediterráneo dun empuxón, abríndose paso entre os seus pés de mármo. Ó adusto Montgó e ó cabo Finisterre pedinlles as súas lendas medio esquecidas xa, coma os pobos que as dictaran, e ó Betis e ó Guadiana lembranzas das terras asolagadas por onde deberon alongar as súas prateadas cintas; orei diante das sagradas cinzas de Colón, que dende a súa tumba miserable, vergonza para nos a quen nos regalou un continente, semella gardarnos aínda a perla das Antillas; costeei as Azores e outras illas atlánticas, que, coma pilastras de gran ponte rota, ensinan aínda a fronte marcada polo lóstrego da vinganza divina.

Entre elas figuróuseme ver ós Atlantes alzapremaren aquelas rochas e farallóns, tirándoos contra o ceo, e con bramidos e berros rubir, caer, e cos anacos da súa peláxica torre roular ó abismo das ondas; e, non fai falla dicilo, o meu poema rematou de seu, coma unha desas cunchas que cada día, cansa de pulilas, lanza á praia a marusía; e ben ou mal redondeado, védeo aquí.

¿Desluciría e menoscabaría aquelas peregrinas tradicións, tesouro de centurias, espallado coma perlas nas marinas españolas? ¿Esfollarías estas flores coludas na mañanciña da miña vida nas veigas e no carrasquedo da miña patria? ¡Oh! se a aguia me deixase as súas remontadoras ás, se tivese a cadea de ouro da inspiración dos grandes poetas, destas perlas, desaproveitadas nas miñas mans toscas, teríalle feito un colar de sultana, e con estas e outras ben escolmadas flores coronaríalle a súa fronte de raíña. Agora, que ela me perdoe se me atrevo a poñer nas súas plantas a miña raposa de espigas a carón dos dourados mollos do agro, sempre soleado e bendicido de Deus, da súa literatura.

Ó me despedir, hai pouco tempo, do mar, berce das miñas últimas ilusións, asegurando os pés nos banzos do peirao de Barcelona, pouco agardaba eu unha acollida tan amigable e falangueira polo poema que, en manuscrito mal ordenado, levaba baixo do brazo, salobre aínda e ulindo a alcatrán e algas marinas. Pouco cría que, despois de lelo unha e moilas veces nun recanto do fogar catalán, os propios o mostrasen ós estraños, cunha man sinalando e facendo ver as súas cativas belezas, e coa outra cubrindo, benévolos, os seus defectos e taras. Ó amor dos meus compatriotas, representantes da patria e das letras, máis que ó meu propio inxenio literario, debo a feliz entrada

da miña nave no porto da boa sona. Moitas gracias sexan dadas á institución dos Xogos Florais que lle rozou o camiño, á Excma. Deputación que lle abriu os brazos, e a tantos xornalistas, críticos e poetas que cubriron con flores os gromos secos e as espiñas do meu ramo, e nas súas ás erguéronos tan altos, tan altos, que o albiscaron da outra banda dos Pireneos, da outra beira do Ebro e ata ¡quen o diría! da outra banda do Atlántico.

Hoxe, ó sacalo á luz por segunda vez, procurei dar a algúns dos seus cadros os derradeiros toques e pinceladas, e entre outros, non sei se acertadas adicións, engado, como episodio, o coro das illas mediterráneas.

O que si me praxe, e penso que non desagradará a cantos folleen o volume da miña obra tan reducida como afortunada, é a tradución castelá que a acompaña, bonito e primoroso traballo de prateiro, do cal non me deixa dicir cousa a modestia de quen viste tamén coa riqueza da lingua de Cervantes estas pobres e sinxelas ideas. E aquí, como ben axeitado final do prólogo e limiar da Atlántida, transcribirei a cordial noraboa do inmortal autor de *MIRÈIO*, só para honrarme cos seus conceptos escollidos e belísimos coma todo canto flúe da súa pluma de ouro.

Maillane (Bouches du Rhône).

18 de Xullo 1877.

Señor e nobre mestre:

Remato de ler atentamente a Atlántida, e mándovos de inmediato a expresión da miña admiración máis ardente. Despois de Millón (no seu *PARADISE LOST*) e despois de Lamartine (no seu *CHUTE D'UN ANGE*), ninguén tratou as tradicións primordiais do mundo con tanta grandeza e potencia.

O seu poema magnífico faime o efecto daqueles animais espectaculares que os mineiros atopan nas entrañas da terra, e que, reconstruídos pola paleontoloxía, revélanos os misterios anegados polo Diluvio. A concepción da Atlántida é grandiosa e a súa execución é resplandecente. Catalunya endexamais producira unha obra que encerrase en si tanta poesía, maxestade, magnitude, forza e saber. As tradicións máis antigas e as máis venerables da terra catalana están aquí acampadas, organizadas e redivivas con similitude extraordinaria, e a imaxinación xunto á ciencia embelece marabillosamente as súas soberbias descrições.

¡Oh valeroso traballador! Cumpriches longamente a promesa que fixeras sendo novo. Lembro aínda aquelas belas festas de Barcelona, onde vos encontrei, modesto estudante, coa barretina violeta, e que te achegaches a min embargado de entusiasmo de gracia. Todos, lémbrome, che cantaban: *¡TU MARCELLUS ERIS!* e realizaches centuplicadas as esperanzas que a patria fundara en ti.

De todo corazón mándovos a miña felicitación e as gracias. A epopeia soberana que acabades de sublimar no ideal pertence, non só a Catalunya, senón tamén e sobre todo ó Rexurdimento da nosa lingua; e a Felibrería enteira glorifícase da vosa obra.

Saúdvos, bo e nobre mestre, e douvos unha aperta cordial.

F. Mistral.

INTRODUCCIÓN

Encóntranse en alta mar unha nave de Xénova e outra de Venecia e acométense nunha batalla. Sobrevén un gran temporal e un raio prende na polvoreira dunha delas, que, crebando, arrastra tamén á outra ó abismo. Soldados e mariñeiros van ó fondo; só se salva a duras penas un mozo xenovés que, abrazado a un pedazo de pao, acerta chocar á terra. Un vello sabio que, retirado do mundo, vivía preto do mar, sae a recibir ó náufrago; guíao a un rústico altar da Virxe e, de seguido, á súa barraca feita de polas e rochas, onde o conforta. Días despois, vendo ó mariñeiro ensimesmado ollando aquelas augas, cóntalle a antiga historia delas para distraelo do pasado naufraxio.

A ATLÁNTIDA

Introducción

Un día, xunto ó mar de Lusitania,
de Andalucía os picos xigantescos
vin loitar dúas naves inimigas;
nunha, bandeira alampa xenovesa,
e na outra ronca, de apresar ansiosa,

de Venecia o León cos seus cachorros.

Vanse abordar as desafiantes proas,
coma encendidas cobras do deserto,
para morrer unha ou outra a vorcalladas;
e roda coma un carro ó son de guerra,
a terra trepidando nos seus polos,
temerosa coma elas de afondar.

Así o estío en abafante tarde
dúas nubes recentes, de á negrosa,
acométense cun bramido, ó verse,
e, polo ardor atraídas das entrañas,
esténdense acaroándose, e os montes
fan tremecer con lóstregos e raios.

Aférranse renxendo e con xemidos,
coma grandiosas torres que se enterran
e esnaquizan, ó caer, un piñeiral;
e entre salvaxes ais, brados e ouveos,
resoa o feroz berro de abordaxe
e cen machados roen tal mastíns.

A feroz e carnívora liorta
mestura a tempestade os negros ladros
congregada a S.O. supetamente,
e retorcidas ondas amontóanse

enriba dos navíos que se astelan
coma un canaveiral na torrenteira.

As dorosas apertas máis estreitan,
e chocan, emborcállanse e empúrranse,
encaradas as bocas de volcáns;
da horrorosa tormenta non se enteiran,
e atácanse cuspiendo lume e ferro
na gorxa dos abismos ouveantes.

Tal lomba de carballos montesiños
no estío polo leñador queimados,
do furacán o sopro que devora
fai resoar por cumes e cavorcos
choros, berros e ais de homes e de feras,
dun mundo a morrer áspero salouco.

Afogando o fragor da gran batalla,
do ceo un lóstrego estourando cae
da nave veneciana á polvoreira;
coma un Vesubio escacha e vai ó fondo
mentres rompe á de Xénova un diluvio
de escumas, lume e flamas en remuíño.

Carga e navio as ondas enguliron
e os tiburóns compártenos con elas;
de mil guerreiros só o máis novo salva;

entre espuma a flor de auga albisca un pao,
e, cando tenta de botarlle un brazo
faino afondar outra onda escumexante.

Mide o abismo braceando, e con destreza,
nun cacho vai montar da árbore mestre
que xira onde lle praxe tal corcel,
e do remuíño salva as zambulladas,
coma vello pastor entre os seus fatos
de bois cornudos que abebera o Ter.

Os cetáccos uliscan carne humana,
que reclama tamén a aguia mariña,
e mesmamente o corvo; de cotío
non para de lembrar a mala fada;
a cada paso zúgao un novo abismo.
¡Só Deus pode sácalo da súa gorxa!

No cumial dun promontorio roído
polas ondas que se arrastran ós seus pés,
fuxindo á vanidade deste mundo,
vivía un ermitán de barba branca,
da árbore do saber mística póla
a florecer na doce soidade.

Candil un día no alto suspendido,
cos raios cegou e, na vellez,

coma para xurdir se afunde o sol,
abandonou do mundo as regalías,
e aniñou coma o alción riba das ondas,
da súa infancia falangueiro berce.

Cando á noite ruxía a tempestade,
para dar luz ós náufragos, prendía
a trémula lanterna do altar;
e os que a vían, con ollos cheos de bágoas,
«Xa chegamos a porto», de xeonllos
dicían; «védea alí a Estrela do mar».

¡María! ela é o norte do rapaz,
que o seu corazón sente alaparar
e rema con maior coraxe e folgos;
e, ó raiolar da longa estrelecida,
ve de máis preto a terra que soñara,
tal virxe á sombra de roseira en flor.

Achégase abalante. Espréitao todo;
pero ¡ai! o promotorio que albiscara
e un penedo pola onda descalzado;
recúa alporizado, tal se vira
nun fresqueiro verxel de orballo doce,
no musgo, un alacrán medio agachado.

Virando con pena da serra áspera,

busca con afán máis chairega terra,
pero o seu corazón non pode máis;
o sangue xéase nas súas veas
e, a destreza perdida, aperta o pao
sentíndose caer da morte ó bico.

Mais alza ó candiliño a ollada triste,
e á súa luz planicie verde ve,
para el colgaduras despregando;
rema e, amorosiñas, supetamente,
as mesmas ondas tenras danlle a man
ó velo tan fermoso esmorecer.

Acaneado, coma por sereas,
colócano en branquísimas areas,
de xuncas e corais en almofada,
cando, tal ollo doce que se cela,
dos cavorcos de Bética saía,
para ver o mundo, a estrela da mañá.

Rumor de pasos oe pola area
e, ¡Santa Providencia!, abrindo os brazos,
o venerable vello aparéceselle.
«¡Ven!» dille; «Co primeiro raiolar
quérote acompañar á que te salva,
por quen a primavera floreceu.»

Un carreiro cegado por uceiras
lévaos ás aciñeiras e oliveiras,
do pracenteiro cume orla xentil,
onde ve, entre ramallos que florecen
baixo cortinas de hedra e de floriñas,
da capela da virxe o camerín.

No místico oratorio entra o náufrago
e por reclinatorio achega un toro
onde caer ante a Imaxe de xeonllos;
e das súas meixelas coloradas
polos bicos das ondas e o noroeste,
de gozo corren bágoas a cachón.

Nunha fendecha, da capela á beira,
hai unha cela, tal cela de abella,
entre os brazos musgosos dun penedo.
Alí faille agasallo de xantar,
sobre xunca afelpada, aínda húmida
pola chuvia a bater da tempestade.

Xunto ó mar semellaba o promontorio
o mirador do ceo riba da terra;
un día que paseaban polo cume,
ve o vello ó mariñeiro pensativo,
e mándao sentar baixo dun carballo,
onde non dá a salgada chuvia.

E abrindo o libro inmenso da memoria,
 o fío de ouro desta historia tira,
 de perlas de occidente pura restra;
 e o mozo, para quen era pequena
 Europa, da alma as ás máis estalica,
 coma as aguias marinas nas alturas.

Coas raiolas do día a terra envolta,
 coma unha vella escoita as que pasou,
 e o mar, medio durmido, ergue a testa.
 Co gran cántico todo se mestura.
 O vello semellaba un Xenio atlántico,
 pero o xentil oínte era Colón.

CANTO PRIMEIRO

O INCENDIO DOS PIRENEOS

Exposición. O Teide. España nacente. A voz do abismo. Invocación ó Deus das vinganzas. Nace un gran lume entre Rosas e Canigó, que queima bosques e rabaños. A maza de Roldán. O incendio domina o Pireneo de cabo a fin. Achégaselle Hércules tras bater ós xigantes de Crau, e de entre as flamas saca a Pirene. Ela cóntalle que e a derradeira herdeira da caste de Túbal e raíña de España, acabada de destronar por Xerión, quen para empecerlle mellor a retirada, en véndoa fuxir ó monte, prendeu lume nos seus bosques. Pirene morre e Alcides érguelle un mausoleo de rochas no extremo da cordilleira, alongándoa ata o mar. Regueiros de ouro e prata que baixan dos cavorcos ás chairas. Conflent e Portvendres. O heroe baixa ata Montjuich, onde embarca, prometendo fundar unha gran cidade ó abeiro daquela serra.

¿Ves ese mar que abraza de polo a polo a terra?

Noutro tempo de alegres Hespérides foi horto;
aínda o Teide vomita anacos dos seus restos
bramando, coma monstro que vela eidos de morte.

Aquí os titáns loitaban, alá floreaban vilas;
por todas partes cánticos, música e paxaros;
hoxe en pazos de mármore as focas se congregan
e revístense de algas as pradeiras dos años.

Aquí estendeu as marxes o continente hespérico,
qué mar ou terra foran seus lindes ninguén sabe;
pero o gran sol, que mide cunha ollada o hemisferio,
non acada a velo de cheo de cabo a cabo.

Era o xugo que unía as terras de poente
e, corazón de todas, coma fonte do Edén,
dáballes claras augas a beber arxentinas.
Nos seus brazos durmía este mundo feliz.

Por ela transmitíanlle, coma por ponte amplísima,
dun maio eterno en ás, as crías e sementes,
paxaros de cor rubia e de chiar finísimo,
de acacias o perfume, cantigas e tesouros.

Atlas era o seu Rei, aquel que da azul bóveda
os signos a unha esfera de xaspe transplantou,
e do sol e da estrela que máis de lonxe xira,

a danza misteriosa e harmónica explicou.

Dos nativos de Grecia a soñadora mente
vía, coma montaña, de estrelas coroado,
anicado, mais firme, baixo de arcada inmensa,
aguantando co lombo a máquina dos ceos.

En xiganteza e músculos os fillos aseméllanlle
mais, tal vaso de vidro, seu corazón crebou;
pois unha vez que ós reinos e tronos revoltaron,
tamén o de Deus creron doado de escalar.

Bramaron unha noite mar e trono, e tremeu
Europa, coma folla, nas mans do Boreal,
e, espertada ó mencer, envolta en terremotos,
con abraio nos osos, o mundo irmán non viu.

E gorentando a morna lembranza dos seus bicos,
di tal se viúva fose: «¡Atlántida! ¿onde estás?
Onte á noite durmín aínda nos teus brazos
e hoxe os meus non te encontran, ateigados de friaxe.»

E ¡ai! onde a fermosa corazóns cativaba,
respondía o pelago: «Engulina eu á noite;
¡vaite aló! entre as terras quero sempre deitar;
¡ai delas! ai, se me alzo para o leito ensanchar.»

Cargouille opresora a esquerda o Omnipotente,
e o mar cun grande grollo tragouna xa cadáver,
restándolle só o Teide, dedo da súa man férrea
que semella dicir: «A Atlántida era aquí.»

Ese mastro da nave rota illas envolven,
de Xezabel impura coma abatidos membros;
cando ó pasar os séculos tanta desfeita vexan,
dirán: «Vede a onde leva o vieiro dos praceres.»

E o xigante que pintan en guerra contra o Olimpo;
cos seus brazos tocaba nacentes e solpores;
e de ter, descontento, coma un puño a terra,
subir quixo ás estrelas a testa coroar.

Do Tronante a zoadora, derrocadora flama,
da escada de cavorcos amorcados chimpouno
ó mar fervendo en xofre e con ondas de lume,
onde brama e se retorce coa carga dun volcán.

E a ti ¿quen te salvou, oh niño das ribeiras,
cando afondou a árbore da que colgabas ti?
¿Quen te sostivo, España, cando a nave onde estabas
cal góndola amarrada, se mergullou partida?

Deus, de tesouros náufragos enchendo a popa túa,
do Pireneo enorme abrazoute ós penedos,

baixo dun ceo azul, tras do muro de Europa,
ó acaneo, tal Venus, de dous inmensos mares.

Por iso das riquezas¹ o Deus en ti puxeron
os gregos, entre outeiros ó te ver arxentíferos;
mellor có ouro de Colchos vélaro prezado acharon,
e a Homero das o Elíseo e a Salomón o Ofir.

Ó veren que es herdeira da Atlántida, no enterro,
os pobos que te adulan dixeron: «¡Ela, nada!
¿que lle importan á abella os cachos do teu xerro
se, flor de anos vindeiros, lle quedas ti?». Mais ¡ai!

Cando o gran furacán remove o abismo negro,
do diálogo dos mares escoito a fonda voz,
tétrico xemer que aínda lle arranca o cataclismo,
e ás que foran irmás berra: «¡Terras, adeus!

»Fun a maior de todas, podo fillas chamarvos;
Europa entre as madreporas durmía no profundo,
Cáucaso e Apeninos eran ringleiras de illas,
e xa o abril cinguía de rosas a miña testa.

»Vin dun leito de perlas alzarse Iberia e Nápoles;
vin Sahara, Grecia e Exipto no máis fondo do mar;
a onda vin que me cobre xogar sobre Siberia e,
espinazo de Europa, os Alpes ourizárense.

¹ Posidonius di que Plutón, o deus das riquezas, habitaba debaixo das terras de España.

»Xigante eu, gadoupaba cal man de Deus a terra,
co Atlas, Serra Estrela e os Pireneos por dedos,
e un serán o abismo nas súas fauces enterrame,
¡enriba dos meus peitos danzando os elementos!

»¿E vosoutras? vosoutras, o mar que vos envurulla
ás costas me lanzades, embobadas ó sol;
o voso envurullo de espuma déstesme por mortalla,
coma orfiños da nai sorrindo no barrelo.

»¿Que importa hoxe que amose Platón divino á historia
o meu nome nos astros² do ceo no limiar,
se xa de min perdestes, ingratas, a lembranza
e me bate por sempre do mar a inmensidade?».

¡Oh Señor das vinganzas, dalle alento ó meu cántico,
e contarei o golpe que, rexeitándoa ó fondo,
rebordar fixo o Atlántico e o amplo Mediterráneo
e os mundos desuniu!

Cando Alcides, o Grande, a terra percorría
vasoirándoa con clava pesada, arreo-arreo,
de xigantes e monstros que a Deus facían guerra,
en llamas estoupaba nevado o Pireneo.

Dende onde o sol nacente doura os bosques, o incendio
 con bramar e ruxido, no colo do remuíño,
 levaba a Roncesavales e Asturias ríos de lavas
 sen lle estorbaren outeiros, nevadas nin torrentes.

² As sete Pléiades ou Atlántidas, nomeadas así por Virxilio no primeiro libro das Xeórgicas: *Ante tibi Atlanticles abscondantur*. Con outro nome chámanse as Cabrelles, que coas Híades forman parte da constelación do Taurus, e están ás súas costas.

Parece serpe inmensa, de escama vermelloa,
 que a través de Europa, dun mar a outro mar,
 botando fume e flamas, alancase noxenta,
 o seu cabelo de faíscas e lume a remollar.

E avanta, ouvea e rincha, co alento alapando
 coma teas de araña os nuboeiros do inverno;
 de cavorco en cavorco pasa os vales veloz,
 vertendo coma un cráter as flamas infernais.

Atropelando arboredas, penas do cimo roulan,
 nas encostas freixos renxen e esnaquizadas faias,
 e a fumeira e as flamas nas alturas mestúranse
 co mesto po e a traza de escachizados lares.

E vendo que coas bágoas apagalos non poden,
 volvéndose esparéxense os pastores e foxen,
 detrás deles os años bean e, sen tocalos,

con eles corren osos e lobos ouveadores.

Así fuxía o mouro cando cun río de ferro
os outeiros traían o berro de Roldán,
no intre que coa ameaza de desterro e de morte
voou o seu mallo onde Esterri³ o axexa tremendo.

Nin á aguia lle valen as de ouro fortes ás;
no ceo, onde se eleva tal a colgar o niño,
desaléntana as llamas, e cae, e cos gaios
e cos cisnes das augas cóceos o vivo incendio.

Póla dun remuíño abrasador, anega
a cunca con vilares, serras con piñeirais.
Ata as mansiñas beiras, da arxentífera España,
as rinchadoras ondas fan dobregar ós mares.

³Unha tradición montañesa conta que o mallo tirado por Roldan ós mouros, dende picouto dos Pireneos, caeu na chaira de Esterri.

Teixugos e rebezos persegue polo atallo,
polo fondal retórcese, salta da chaira ó cume,
ó devalar derruba o coio que alí axexa
e arrástrao pola costa feito cinza e carbón.

E o que entre España e Francia domina, enorme muro
de neve e tempestade, coma brazo de Deus,

da estrelecida azul as colgaduras toca,
cabalgado por outro horrible Pireneo.

Parece cal se a cóbrega simulando un cometa,
con ás se enarborase de lume ó ceo azul,
ou que, ó asalto subindo, se puxesen de costas
esmirrados demoros refugallo do tobo.

Cando ó completo se enche de fumarada o ceo
e a serra dun lado ó outro se funde en queimación,
baixo o manto de llamas que o furacán flaxela,
treme de dor a terra tal corazón ferido.

Namentres, xunto ás augas do Ródano, apedrean
ó heroe grego deformes corpulentos xigantes⁴;
baixo calquera coio dos moitos que lle lanzan
podían gorecerse fatos e pegureiros.

Cóidano xa entre penas sepultado, na fosa,
cando do xenio a flama lostregou no seu ollo,
e con golpes de clava envórcaos e destrózaos,
cal terras de barbeito ó rastreo da grade.

Despois deica o gran lume lixeiro se encamiña,
vendo como se encrista arrubiado sobre as nubes;
e ó escoitar tanto laio, alonga os brazos nus,
alporizando ós pobos e ós pastores de espanto.

⁴ Diodoro Siculo fala desa batalla de Hércules cos xigantes da Provenza.

Do Canigó entre penas escacha a corga,
 por silveiras e rochas caentes escondida,
 onde prendendo o lume en xigantesca arcada,
 coma a ponte do Diaño, tíñase atravesado.

Só candentes ameas rodando foguetean,
 gran rastro de faíscas deixando a flamexar,
 mais a seguido na auga da valgada chispean,
 e tristes ais responden da onda ó burbulleo.

Solitaria Pirene vivía alí, dos osos
 e lobos na feroz, relenta matorreira,
 nun penedo, cuberta por cabeleira rubia
 de medo e calafríos nos últimos bocexos.

Das flamas sácaa murcha, tal delicada rosa,
 que estraña transplantada a ribeira de rega,
 e logo que dun salgueiro a recosta ó frescor,
 retorcéndose lánguida:«Eu morro» dille, «aquí

»E a ti, que me acolliches nas ás do corazón,
 de España que tanto amo queroche dar a chave,
 dése horto que na terra unha floración che garda
 de amor, se das tiránicas poutas sacalo gustas.

»Enxoitaban as lombas as súas cabeleiras
que estragara o Diluvio dándolles mar por veo,
e xa, esquecéndose o home, abría alí pedreiras,
erguendo preto do Eufrates a orgullosa Babel.

»Ós seus pazos o Altísimo vendo arrimar escadas,
de confusións envolve a torre da fachenda,
e, tal fai a rolada de aves ó botar ás,
os vellos pobos deixan en desbandada o niño.

»E cada un escolleu: Voou Túbal a España,
dos reinos do seu pai escollendo o mellor,
e, onde está Tarragona, construíu a Cabana,
seus prados e ribeiras lembrándolle o paraíso.

»Deu leis á súa prole e nutriuna de ensinos
salvados dentro da Arca do naufraxio maior;
o nome do Altísimo escribiulle na alma,
daqueles corazóns guiando as nacentes ás.

»De mans en mans, por séculos rolando o cetro de ouro,
recaeu no meu pai; cando, para o meu do,
a morte o desbotou de trono tan magnífico,
o mesmo sol podía baixar a relevalo.

»Mais soa eu quedándolle da niñada real,

a España veu, coma á árbore caída un leñador,
Xerión o das tres testas, dos monstros ruínas que agacha
a soleada Libia, o máis odiable e fero.

»O cetro arrebatoume, ó verme dona feble,
e a Cádiz mercantil fortificou con torres;
ó darche outras máis firmes a ti, inmortal Xirona,
soubo da congostra onde me escondín asustada.

»Temendo que a coroa recuperase un día,
queimou, para abrasarme, as selvas de arredor;
e ó ver pechado o cerco de flamas, colle o vieiro
de Gades, coas súas vacas pesadas por diante.

»¡Morro! de cidades e fatos son herdeira;
se ti queres, regálochos; suplántao axiña;
vinga o nome de Túbal e a coroa é túa;
¡na túa testa a faga meirande o Omnipotente!».

Dixo, e a morte, no intre, con frío xeadó bico,
para sempre empedrécea e enmudécelle os labios;
xunto ó seco cadáver chora o grego e suspira,
coma árbore á que as polas floridas lle romperon.

Xa polo incendio rubias montañas estoupan,
e por penas e covas, ringleira de volcáns,
vomitan os fundidos tesouros das entrañas,

que atrapan nas súas faldras as chairas verdecentes.

E deitan ata escoaren as debrocadas urnas
auríferos regueiros de rubio virxinal;
por ela o ceo, ó verse arrubiar de muxicas,
daría o dos astros que locen no seu peito.

Ó romper en madeixas de xeadá a litarxe,
con espuma amarela mestúrase o ouro fino,
e polo iris guiados, corren de veiga en veiga,
cal nenos a xogaren no catalán xardín.

Así, ó florecer o romeu e a malva,
pola quintana vértese dun trobo o mel louro;
rindo ó se espriguizar o sol tralo mencer,
así enmantela rubios os seus cabelos o ceo.

Os cumes eran fachos, os vales coroáronse,
á tremecente estrela o seu brillo avergonzando;
enxoiouse a roseira doutra chuvía de rosas,
e dun orballo de ouro o acevro e o tomiño.

A pirenaica Venus deulle nome a Portvendres⁵;
o abrasador incendio, ó antigo Pireneo⁶,
e, en cunca de esmeralda o líquido ó callar,
puxo nome a Conflant⁷ aínda máis fermoso.

Cando os pingóns Levantes⁸ foron da alta montaña
 coas súas chuvieiras as nubes apagando,
 puxo na súa cúspide, bañada pola aurora,
 as cinzas de Pirene que ama de corazón.

⁵ De Portus Veneris.

⁶ «A causa deste tan grande incendio, os gregos chamaron á montaña Pirenea, porque PYR naquela lingua quere dicir lume.» Pujades, Llibre segon, cap. V.

⁷ «Como a calor do lume fundiu as secretas minas das entrañas da terra e correron regueiros de ouro, prata e outros metais pola terra; por iso, parte dela, por onde con máis abundancia se daba a confluencia daqueles metais, se chamou Confluens. A que hoxe chaman Conflent.» Pujades, id.

⁸ Aquí vén coma anel ó dedo, o poético adaxio que a observación inspirou ós montañeses de Catalunya: Poente ten unha filla casada en Levante; cando el a visita vólvese a chorar.

E fundindo cavorcos daquelas bravas terras,
 descabezando montes e levantando outeiros,
 ergueulle un mausoleo de serras sobre serras
 que, amoreadas sen orde, ó mundo fan xemer.

Dende esta xesta de Hércules, a miña Catalunya
 doutro pazo de rochas sentarse puido ó abrigo;
 e da veciña Francia durmiu máis lonxe España,
 ó alongarse ata o mar Pireneo nuboso.

No traballo de Cíclope desázao a sede,
 e, a abebedarse en sangue de Xerión inimigo,
 por costas amarelas co ouro doutra colleita,
 feito un león, alanca de Creus a Montjuich.

Alí, ante o altar de Xúpiter humilde axeonllándose,
 pregou, e cara ás ondas despois volvendo os ollos,
 escorregante unha barca ve chegar acaneando,
 coma cisne de ás brancas que nada entre rochedos.

Fundar unha cidade promete, ó retornar,
 que propale no mundo daquela barca o nome,
 e coma un cedro ó vela medrada e espigada,
 «De Alcides é a gran filla», se diga en toda a terra.

Para ela, non de balde, ó Deus potente da onda
 pide o tridente arpón e á Xúpiter o lóstrego;
 pois se o mar dominaches, Barcelona, con leis,
 alustras foron antes na guerra as túas barras.

CANTO SEGUNDO

O HORTO DAS HESPÉRIDES

Tarragona. As bocas do Ebro. As Columbretes. Valencia e Monlgó. A coitela de Roldán. O Mulei-Hacén. Desembarca o heroe, e Xerión, para desfacerse del, fálalle da raíña Hesperis e do renovo da laranxeira que lle debe presentar quen a pretenda por esposa. Descrición da Atlántida. A horta das laranxas de ouro. Hércules, matando o dragón que vixía a laranxeira, abrangue o cimal. As sete irmás lembran chorando que ó morrer Atlas lles dera por agoiro dos últimos días da súa patria a morte do dragón. Lembranza da ida triunfal dos Atlantes a Oriente. A súa desfeita. Malos agoiros delas.

Embárcase, e de pronto, Tarrago antiga ó velo,
 pecha a vella muralla, ergueita polos cíclopes,

e coa lanza e o escudo, aparenta que di:

«¡Ten de coloso os músculos, mais con el bateríame!».

Non teme as cinco bocas engulidoras do Ebro;

e ó ver as Columbretes¹ ameadas ó lonxe,

pregúntalle á arma férrea se os xigantes deformes

que deixara por mortos reaparecen no mar.

Ven máis aló a ribeira fructífera do Turia,

grinalda recondente da cidade do Cid;

din que naquelas illas oíu doce cantiga,

cal se o chamasen ninfas de escumas ó seu leito.

Deixa o Mongó² de cara arisca, e a montaña³

que en dúas dividiu a espada de Roldán,

de Murcia e Almería os cumes, e, con níveo

turbante, o rei de España, Mulei-Hacén altivo.

Onde África e Europa encaixan, salta a terra,

e a atacar voa a Gades ó vaqueiro Xerión,

que, amedrentado ó velo chegar coa clava en alto,

ós pés axeonllándose, fálalle lambisqueiro:

¹ Illotes que se erguen entre o Ebro e Valencia, algunhas millas mar adentro. Oín dicir que levan o nome de Churruca, Valdés e outros heroes de Trafalgar.

² Montaña espadada que máis aló do golfo de Valencia entra no mar cara á illa de Formentera.

³ Serra moi coñecida polos mariñeiros, que se ergue preto de Benidorm. Segundo a tradición, despois de superar o heroe francés ós mouros, descargoulle tan terrible golpe, que convertíndoa en dúas lanzou un cacho ó mar, onde se pode ver aínda trocado nunha illa.

«Mira, aguia dos heroes, que de bágoas eu choro;
¿e a túa xesta última será matarme a min?
por favor, xa me anico, detén a man que adoro;
toma, se cha fai gozo, a miña real coroa.

»Mais de ouro esta coroa é pouco á túa fronte,
que xigante coma Hércules ningún a terra ten;
¿ves ó solpor a Atlántida de recibirte ansiosa?
ela é o teu solio digno, e grande coma ti.

»Hesperis, que é raíña xentil, enviuvou
e agarda un corazón que queira namorala;
cando a froita celmosa probes desa palmeira,
dirás: ¡Á súa sombra eu quero repousar!

»Mais é mester » dicía, cavándolle unha fosa,
«e mester que lle ofrezas da laranxeira o cimo
que entre esmeraldas ten a froita máis vermella,
e que a modo te achegues para ver de acadala.

»Despois, cando coa flor fermosa fachendeas,
ata o sol parará o seu carro para ollarvos.
O Levante dá forza, Poente fermosura,
Deus bendiga a semente que dela ha saír.»

Mais ve a trampa Alcides e ó rei de Gades deixa,

e a verdosa planicie da Atlántida ve lonxe,
cibadas a roxear e amarelo candeal,
coma pélogo de ouro que escorrega entre as árbores.

Non hai areosas beiras, non hai vertentes ermas;
a herba alfómbrao todo de brétema orballada,
acaneando entre lianas de anoadas trenzas
a palmeira vizosa e o seu acio de azucre.

Unha cabra desgroma un olmo gorentoso
nun alto precipicio colgado sobre o río,
e xúntanse os bisontes con aire de irmandade
dos floridos magnolios á regalada sombra.

Os cervos fachendean os seus cornos de altas polas
que imaxina o paxaro limoeiros enormes;
escorrenta á gacela salvaxe mastodonte,
e ó mastodonte aglaia o mamut corpulento.

O Pireneo e o Atlas, titánicas barreiras
coas que murou o Altísimo continentes fronteiros,
irmandados entroncan cordilleiras aquí,
dándolle ó cóndor neves, ó reiseñor verxeis.

Semellaba que o brazo de Europa e Libia daban,
coma nenos pequenos encelados, á herdeira,
e que ela, co seu xenio, que na testa lle brilla,

a arriba, pola escada dos séculos, as guiase.

Guadiana, Douro e Texo, que ouro e prata escorren
das planuras da Iberia polos grandes cachóns,
por leito de pelouros esvaran cobregando,
e douran e emperlean devesas e lameiras.

Con líbicos regatos xúntanse nos seus cursos,
co Río Ouro mestura o Xenil as súas augas;
se este leva de Bética rumores e cantigas,
lévaos aquel de Costa⁴, de Palmas e Marfil.

Vestida, espellándose con mármore e pórfiro
entre os dous ríos, feitos de folepas de neve,
acobadada ó Atlas e á sombra das súas árbores,
por Occidente amada séntase Babilonia.

E pola banda oposta, entre fentos xigantes,
de menhires e torres a ampla fronte branquea,
mármore sobre mármore pirámides alpinas
que queren coas súas testas anchar o ceo profundo.

⁴ Territorio da beira occidental de África, máis acó de Fernando Póo.

Dos seus inmensos reinos o mar non ve a longura,
dormen todos á sombra do seu xigante escudo;
e Tanxis, Casitérides, Albión, Thule e Melaria⁵

por cada río envíanlle barcas de ouro batido;

¡Quen o diría ó vela tan fermosa troulear!
dun pecado o cangrexo vaille o peito roendo,
e entre os homes podres que lle reverten pus,
mañá o sol en van ha procurala no leito.

Ó horto por boscaxes vaise abrindo camiño;
búfalos e feroces leóns foxen de medo;
e ó rir ás súas costas por vez primeira o día,
de luz vestida érguese o oasis de verdor.

E, a xeito de coroa, antes de nada ve
as de ouro sedutoras laranxas amarelas,
cal se brillando fosen outros soles que no aire
saísen entre as ondas o mundo a cegar.

Achégase entre mirtos, e nas súas sens nota
os airiños que o bican embebidos de mel;
de follateira e de augas murmurios óense doces,
e ve abrirse en chuvias de pedrería un ceo.

Cinamomos en filas e os altivos acevros,
ó doce peso agáchanse da súa noviña flor,
de dous en dous acóplanse en eixidos sombrizos
onde axexa a alborada entre reixas de froitos.

A cerdeira acanéase, en flor ramo vivente
no que maio e abril puxeron a fragancia,
e o froito vermellea dando gozo entre as xoias
que lle colga unha vide, renovo trepador.

⁵ Segundo Adolfo de Castro, estaba onde hoxe está Tarifa; segundo outros, en Vejer de la Miel.

Fontes arroiadoras e regueiriños liscan,
durmíndose a miúdo as augas entre as flores,
mentres estas entreabren os seus labios nas beiras
para dar ás abellas do corazón o seu néctar.

Cospen os burbullóns nos caneiros de mármore,
e, ó se crebar o ramo de refundida prata,
xogando o iris coroa das árbores os cumes
ollándose entre os tintes o ceo máis azulado.

Fervenzas mil salpican ondas de branca espuma
por escalóns de pórfiro e covas de cristal,
e pléiades de ninfas desfán a cabeleira
nos remuíños de escumas, seguíndoos río abaixo.

Polas verdes ribeiras, tal chuvia de perlas,
festeiras saltarican as aves do paraíso;
escóitase cantar os xoiosos sinsontes
e por veces chorar o tordo morriñento.

E, liras do Edén, os reiseñores dinlle
que da súa pola á sombra lle praza repousar;
e meniños, tal anxos, con eles enredando,
mentres tecen grinaldas, vólvenllo pedir.

Tal quen non oe, Alcides para adentrarse apura,
deica onde, perfumado, o chama rumorosa
a verde laranxeira, que semella coa froita
de esmeraldas un eco coa estrelecida de ouro.

Baixo arcadas de folla, chían con lira doce,
e presumen de Hespérides as xuvenís doncelas,
enredan con cereixas e mazás polo musgo,
¡jole! a saltos abranguen laranxas dos ramallos.

De xasmín e brión detrás dunha cortina,
por lentiscos en flor recubertos, a nai,
preto do seu baleiro, ornaba sete leitos,
pois prestos para a voda viñan os convidados.

Nas brincadeiras, de súpeto, e no riso infantil,
con pel de león cuberto albiscaron ó heroe;
o seu peito de atleta e de guerreiro rústico
ó tempo que as cativa cáusalles gran tristura.

Para acadar o gromo, acode á laranxeira,
cando un dragón⁶ noxento de flamexantes ollos,

en roda e grande cola coma lanza brandindo,
por pouco coas gadoupas ámbalas mans lle atrapa.

El, sorteándoo, esmágalle cun pisón a testa,
e o monstro, ó caer, con sanguento veneno
vai salpicando as flores, e a súa horrenda
ollada apágase tal luz dun exhausto candil.

Á árbore, ó morrer, anóase e acada
que renxa de raíz a cada folguexar.
Cando ven as Hespérides que fío a fío escoa,
o seu berro de virxe escóitase nos ceos:

«¡Ai da Atlántida triste e de quen nai a chama,
que se vemos o día renacer será moito!
pois, palabra a palabra, o agoiro do pai cúmprese:
a Patria cos Atlantes, deuses e todo finda.

»"Fomos xigantes", dixo ó morrer; o noso alento
fixo suar a terra de maio, e chover sangue;
foi arrasada a lomba que deternos quería,
e os bosques e o mar amplo non nos eran atranco.

⁶ Entre as moitas obras de arte que son testemuño da vida que nos séculos modernos tivo esta belísima tradición, é notable o tapiz que se acaba de expoñer no Museo de antigüidades de Barcelona, no que están representadas as Hespérides no intre que Hércules se desfai do dragón e rouba as tentadoras laranxas de ouro.

«Extirpamos de Libia Harpías e Amazonas,
por ela escorrentándoas coma a gorrións ariscos;
os seus areais tinguimos con sangue das Gorgones,
tirando dos seus pelos para descabezalas.

»Pireneos, os Alpes e Apeninos rompemos;
e cando o corazón dixo "abonda de guerra",
¡pobriñas! xa á Europa e á África tiñamos
ós nosos pés xunguidas, cal becerros ó xugo.

»Ata o cimo: (¡mais todo ó estar enriba afonda!).
A lume e sangue Atenas bótanos cara a aquí
e ó vernos de arrecú, a Atlántida, cal tumba,
baixo da nosa férrea pegada resoou.

«Fúndese o meu imperio que aterrou tantos outros!
Aquel que ós nosos pasos se desvelou en Oriente,
con renovado alento, de min e todos nós
botará cinzas, osos e renome ó vento.

»Mañá os clapers e dólmenes, que alzaron as nosas mans,
de nos esqueceranse coma fillos bastardos;
só dirán "somos rastro duns xigantes entregos",
ós séculos que indaguen quen eramos e somos.

»E ó facerse mención de sabios e guerreiros,
os ollos volveranse ó sol nacente un día,

e os inspirados mestres non saberán dicir
que algúns astros do mundo saíron de Occidente.

»Non: o mar que nos cobre, con linguaxe roncona,
propalará por séculos a gloria dos Atlantes,
os que a Exipto deixamos coma mestres do mundo,
pois eramos xigantes antes de nacer Grecia.

»Cando un heroe esvelto de cabeleira rubia,
esmague co calcaño ó garda do xardín,
ensancharase a fosa miña para vosoutras..."
¡Ai! vede aquí o guerreiro que o noso pai prevía.

»Védeo aquí; xa chegou o leñador e atácate,
oh atlántica estirpe, empózate a esgallar;
mundo que lle das zume, non lle darás xa moito,
que á árbore e a ti, a ras vos vén cortar!

»Que o pai vimos en soños, vimos como soltaba
no horto, onde eramos rosas, os poldros de Neptuno,
mentres o Deus, con forte tridente, o socavaba.
¡É soño; mais crepitan as praias e cavorcos!

A mercé dos ventos, colgade, nai, a lira,
que á sombra regalada xa nunca danzaremos;
non enrames os tálamos coa follaxc de mirto,
pois ¡ai! alí agárdanos cos seus bicos a morte⁷.»

⁷ Tanto para xustificar a idea primordial do presente Poema (mostra do noso pobre inxenio literario), como para aclarar esta pasaxe, a máis importante da historia dos Atlantes, transcribirei o que nos recorda Platón no seu *Timeu*:

«Un día, cando Solón se entretiña conversando cos sacerdotes de Sais, sobre a historia dos tempos primitivos, dixo un deles:

¡Oh, Solón, Solón!, vós, gregos, seredes sempre menos; non hai vellos en Grecia... Os nosos libros contan como Atenas destruíu unha poderosa armada, que, saída do Atlántico, invadía coma un torrente Europa e Asia. Nesta Atlántida sabios reis formaran unha grande e marabillosa potencia que domeaba toda aquela lena sobre moitas outras illas, e incluso sobre algunhas comarcas do continente, apoderándose de todas, dende Libia ata Exipto, e dende Europa ata Tirrenia. Un día, reunindo tódalas forzas, pretendeu facer seu, dun golpe, o noso país, o voso e tódolos pobos desta parte. Foi entón, ¡oh, Solón! cando a vosa cidade demostrou a súa coraxe e o seu poder. Ela, magnánima e hábil nas artes da guerra, enardeceu ós pobos veciños: soamente cos gregos, pola pronta retirada dos seus aliados, arriscou os meirandes perigos, triunfou dos seus invasores, levantou os seus trofeos, liberou das cadeas da escravitude a tódolos pobos situados coma nós máis acá das columnas de Hércules, e deulles a todos a liberdade. Mais sobreviñeron grandes arriadas e terremotos, e nun só día e nunha noite fatal todos aqueles guerreiros foron engulidos pola terra entreaberta. A Atlántida desapareceu, e vede por que aínda hoxe non se pode percorrer nin explotar aquel mar, encontrándose a navegación con atracos no lodo fangoso que deixou a terra ó se abismar.»

CANTO TERCEIRO

OS ATLANTES

Xúntanse no templo de Neptuno. Discurso do primeiro xefe. Os seus malos agoiros. Pídelles ós que chegan de terras de lonxe, que novas traen á asemblea. Un que vén das bisbarras de Poente, responde que un brazo de mar medio as anegou. Outro, que acaba de chegar de Tula, saca un mal prognóstico das auroras boreais. Entra de súpeto un Titán que chega do camiño de Mediodía, e, tremendo aínda, conta ter escapado dunha espada de lume que abrasou ós seus compañeiros. Estando nisto, senten moverse o templo cun terremoto, ó tempo que un raio descabeza a imaxe triunfal de Neptuno. Oen o clamor das Hespérides, e, servíndose das árbores e das columnas do adro tal se fosen armas, acometen a Hércules. Gran combate.

De penas sobre penas son os xigantes muros
do templo onde os Atlantes a Neptuno rodean,
altivos cal carballos e aciñeiras braceantes
que ó barranco parecen dicir: coma ti somos.

Alí, para casalas con valentes vasalos,
agardan ás irmás, as de mirar de ceo;
no intre, a un mal agoiro, cal presos de cen furias,
ó seu bradar o templo tórnase outra Babel.

Érguese un que é do anxo caído imaxe viva;
das humanas lembranzas o seu nome borrou Deus;
do templo inmenso os teitos, ós que chega coa testa,
tremen perante a forte treboada da súa voz:

«Titáns, algo doloroso con medo a terra agarda
que quizáis non poidamos contar ós nosos fillos;
vexo que se esborralla do noso orgullo a torre,
e cambalea o mundo do que somos herdeiros.

»En figura de espectros os nubeiros anúnciano;
bérrano as tempestades con gritos e xemidos;
astros de ígneos cabelos escribénno no ceo,
enlazándoos con letras de muxicas e lóstregos.

»O ceo vexo en ferozes nuboeiros engurrar,
mostrándose a pedazos, tal entre ás de corvos;

vexo a terra esfameada ós nosos pés romper
e a insegura coroa caer das nosas testas.

»Moito antes de agramaren xa murchan as flores;
fuxindo antes de outono bandadas de paxaros,
dóense dun castigo que nunca mereceron,
a rebenta en saloucos quen non pode seguilos.

»Soamente xunto ó gaio ledado se mostra o moucho;
din que os ríos se volven atrás, e que un infante,
en vendo deste día a luz na nosa terra
recuou da nai ó ventre, de medo alporizado.

»E a nós, ¿que nos fai falla? ¿Seguimos a arroiada
ou contra o fado saímos coa barca a vela e remo?,
¿dos demasiado crédulos, rirnos ou amistar?,
¿que facemos, Titáns de cerna de carballo?

»Antes, que vento vos trae contade. Ti que a vida
escorregar ves preto do leito do astro diurno
¿por que, dime, deixaches os teus campos floridos,
que murchar non consegue o alento dos deuses?».

«Cal datileira» dille, «que acanea
na primavera as aves, tiña un fillo,
un día revirouse contra miña:
e, nembargantes ser tan ben plantado,

arranqueille a vida.

»Púxeno dentro dunha fonda cova,
con follas abrigado de palmeira,
para non ser ollado por Zemí;
mais, ¡ai! do espirito a gozosa calma
non me volveu xamais.

»Non se pecharon os meus ollos ¡ai!
Aquela noite. Viron entre caobas
outros dous ollos no azulado ceo;
"pai, durmide", dixeron miñas fillas,
"durmide, son estrelas".

»"Non son estrelas, non, fillas fermosas,
do alto xardín son rosas, e aqueloutras
son do meu corazón feras espiñas.
Durmide vos, ¡ai! gromos pechadiños
o sono do amor."

»De aterradora cella eran os ollos,
e o seu mirar dicía ó me esculcar:
"¿como non veu aquí o teu filliño?".
Vin un brazo caer entre nubeiros,
¡o brazo de Zemí!

»¡Perdón! dixeron saíndo da hamaca,

cando oín resoar o seu brado:

"Na covacha do crime ferve o mar;
de canto ves, para borrar a mancha,
non quedará un penedo."

»Dixo; e xa da cova o mar saía
e enchía os prados de auga e manantíos,
eu, fuxindo, viraba a ollar a terra;
xa cabanas e selvas non quedaban;
nin vales nin outeiros.

»A cordilleira¹ amada de Haití,
en illas está rota; de Bahama
o fermoso país, é un areal;
e aínda esfameado brama o mar
vindo; ¡quizáis o chama
o meu ulido a sangue!».

¹ Segundo a CRÓNICA DE LES INDIES de Oviedo, os antigos habitantes de Santo Domingo tiñan lembranza dun diluvio, que explicaban desta maneira infantil: Un dos máis poderosos caciques da terra matou a un fillo seu polo crime de conspirar contra el. Limpou despois algúns dos seus osos, segundo uso e costume do país, e deixounos dentro dunha cabaza baleira para ter un recordo perdurable. Un día abriuna, para contemplar as tristes reliquias do seu fillo, e admirouse ó vela chea de auga e de peixes grandes e pequenos e de toda maneira. Pechouna a toda presa e, poñéndoa enriba da súa cabana, empezou a dicir e a gloriarse de que tiña o mar e o peixe dentro da casa. Tanto e tanto ponderou a cabaza, que, aproveitando un día a saída do cacique, catro rapazolos collérona; mais, por desventura, esvarando das súas mans tenras, eaeu na terra e fendeu, e cun gran torrente, saíron dela saltadores delfíns, tiburóns e ata baleas das máis formidables. O espantoso río medrou, e saíndo do seu cauce formou o océano, deixando ó descuberto soamente os cumes das montañas, que eran aquelas illas.

Fala un de Tula xeadá que o sol bota de menos:

«Tamén é de diluvio un agoiro o que eu vin;
vin saír por Levante a Boreal Aurora,
con vermellos guechos e anacos de ouro fino.

»E, como a onda arrastra perlas e tamén cunchas,
arrancar semellaba a levar as estrelas;
mais tirándoas de súpeto tal flores entre ruínas,
grandes signos fatídicos os ceos emboutaron.

»Atlantes ¡ai de vos! mais ¡ai do imperio voso
que, coma o sol, devala do mediodía ó mar!
isto que os ceos nos din con linguas de misterio
enferma en desvarios ben claro o di a terra.

»Vin de nenos e virxes sacrificios horribles;
tamén vin a inocencia ós pés do crime negro;
arreo as vilas, feitas un engado de vicios,
e estes dentro do tempo roubar incenso ós deuses.

Os Zhemis eran divindades avogosas entre Deus e os homes;elas facían un rumor entre as follas das árbores, facían rolar e empuxaban as ondas dos ríos, a tempestade movíase polo seu alento, e o lóstrego era lanzado polas súas mans. As seguintes liñas son sacadas dunha obra de Roisel titulada. LES ATLANTS.

«En tempos da conquista de México, os insulares das Antillas contaron ós españois que todas estas illas formaran un continente só pero que foron separadas de repente. Segundo as tradicións locais, o Yucatán estaba unido a Cuba; e os Caribes dicían que os areais e escollos daquel mar estaban formados por unha gran revolta das súas augas. Os habitantes da Castela de Ouro gardaban o mesmo recordo, e os pobos do Orinoco chámanlle a este desastre CATENAMONOA, ou sexa asulagamento dentro do gran lago.»

Segundo Diego Landa, os Quixes ou habitantes da América Central contan así daquela catástrofe: Entón as augas subiron de nivel, e veu unha grande inundación. Tódolos habitantes foron cubertos

pola auga, e unha resina espesa baixou do ceo. A terra luxouse, e unha chuvia tenebrosa empezou; chuvia de día, chuvia de noite; e pasaban grandes lumieiras por riba das súas testas. Entón víanse correr os homes cheos de espanto e desesperación. Querían subir ás súas casas; e as casas, esborrallándose facíanos caer no chan. Querían subir ás árbores; e as árbores tirábanos lonxe cunha sacudida; querían entrar nas cavernas; e as cavernas afundíanse diante deles. Os devanceiros dos Quixes foran testemuños deste feito, pois non saberían imaxinar unha tan fiel explicación dos fenómenos que deberon acompañar tan terrible terremoto.

»En esmorgas vin mozos tenros envorcallarse,
os pais levar os fillos a vender, do avó triste
os netos descartarse cal de carga pesada,
e uns irmáns dos outros beber o sangue! vin...»

Atallouno un Titán, eivado de nacencia,
de esmirrada figura e birollo, que entrou;
tal morto esbrancuxado, fuxindo ó seu enterro,
do templo polas tumbas o seu berro fai resoar.

«Cos meus heroes en África de noite adormecía
cando baixou do ceo un Xenio colosal;
ó Atlas ensombrecía e con arrandeante lóstrego,
do Simoun nas ás, fería a todo ser.

Atendede, segundo M. de Froberville, outra tradición antiga conservada polos Amakona, pobo africano, e que se refire, evidentemente a este cataclismo, triste lembranza que se debeu gravar na memoria de tódolos pobos ribeiráns. Xa hai moitos anos, o fondo do mar, que separa hoxe a terra dos negros da dos brancos, era un país dunha fertilidade marabillosa. Chamábase Kassipi. Houbera un ano tan abondoso en grans, que, tendo xa cheas e ateigadas as súas tullas, os habitantes sementaron a gra polos camiños, en troques de regalala ós pobos veciños, que tiveran unha colleita miserable. Moloko, o bo Deus, irritouse á vista de tan criminal indiferencia. ¡Ai de vos!, díxolles ós moradores de Kassipi, e aquela maldición non tardou moito en se cumprir. Os demos adonáronse do país; o corazón dos habitantes endureceuse máis aínda e formaron compañía cos demos; e pronto o mar invadiu o seu territorio.

«Se se examinan as Antillas», di Buffón, «empezando pola da Trindade, que é a máis meridional, non se poderá dubidar que tanto ela coma as de Tábago, Granada, Granadinas, San Vicente, Marianica, María Galante, Desexada, Antiga e Barbada, con cantas as rodean, forman unha cordilleira de montañas, en dirección Sur a Norte, como o é Terranova e a terra dos esquimais. Despois a dirección destas cambia de Levante a Poente, dende Barbada ata Cuba. Todas están tan preto unhas das outras, que se poden considerar como unha faixa de terra continuada, e como as partes máis altas dun continente asolagado.»

Milne-Edwards decatouse ademais de que a fauna das Azores, especialmente no que toca ós moluscos, é continental e, en gran parte, alpina; o que proba que estiveron ligadas a Europa.

»Xa me petrificaba, cando di, revirándose:

"Nese trigo do demo² non vou cegar a fouce".

Acordei; o fantasma xa non estaba alí;

e dos meus touros só quedaba un montón de osos.»

A voz no templo atroa, cando na altura aínda
o carro trequelea dos enxordantes tronos;
con tremecer estraño responde a natureza,
e no ventre das nais resoa choro anxélico.

De pronto, un terremoto que se une á treboada,
ó ídolo soterra nun cachón de auga e sangue,
ó tempo que ¡prodixo! córtalle o raio a testa,
a cachos, renegrída, a rolar polo fango.

Diante da claridade ¿que ven para agacharse?
ven tétricos fantasmas pasar en ringleira,
entre os seus devanceiros, que lles cospen con noxo
á fronte xa marcada cos selos infernais.

Eles, sen retrucar, estreitan a asemblea
e, parvos, dilucidan qué lles convén facer;
se cos brazos alzar da terra o deus feroz,
ou afundilo máis, pois nada merece.

Nesto, invade o templo o berrro das irmás,
quita un deles, sacrílego, o tridente a Neptuno,
os outros, a pedazos, piores ou beirís;
parece cal se o vento os leve cara Alcides.

Os fillos da selva únense, de raíz arrancando
carballos seculares, tamén de bo zume,
e abetos que zorregan as nubes removéndose,
coma brazos da terra a loitar contra o ceo.

² Herba máis coñecida co nome de trigo salvaxe, *Echinaria capitata*, Desf.

Outros máis vellos saen das cavernas ó tolo,
brandindo armas de pedra e osames de mamut;
con fame deixan do antro fondo as noites eternas
en canto o cheiro senten de tanta carne humana.

O matador de monstros que, de xigante a pasos,
a Hesperis procuraba para entregarlle o brote,
é trabado; os seus brazos anóanse cos deles,
e no seu peito baten infinidade de armas.

Mais el, coma entre febles cañizos, segue adianto,
a clava de terrible manexo descargando,
que a sentía bater nas súas costas férreas,
mesmo que ela sedenta de bágoas, sangue e lume.

¿Vistes o furacán que barre ceo e mundo
erguer neve, boscaxes, penas nos Pireneos,
e, en remuíño ó lévalos con cabezas de serra
facer subir as augas dun río ata as orixes?

Así escachando o heroe aquela marexada,
adéntrase nas ondas golpeando co seu ferro;
e firme e forte opón ó dela o seu embate,
cal neve que á abordaxe presenta o peito nu.

Alá deborca as iras onde máis bater pode,
empuxa, rompe, arrastra, tal nunha corga;
os caudillos guerreiros caen de catro en catro;
de cen en cen a chusma, coma espigas do trigo.

A rentes gadañando, a Morte deita o seu;
cada golpe que dá resta un mangado menos;
con sangue dos seus fillos a Atlántida embébase
e en tal excitación treme de cabo a cabo.

CANTO CUARTO

XIBRALTAR ABERTO

O heroe, impelido por unha forza sobrehumana, volve as costas ós seus inimigos. Planta preto de Gades o renovo da laranxeira. Rube ó Calpe, montaña que, cumial da Atlántida, ligaba Europa con África. Ó abríla a golpes de clava, decátase de que é o Exterminador quen move o seu brazo. O Anxo, irado, faille ver o combate dos elementos contra a gran vítima. O seu berro de vinganza. Arriba, no fondo do ceo, o Altísimo condena á Atlántida a ser borrada do mundo e a este a ser tallado en continentes. Hércules entra, xunto co mar, na tena condenada.

De cantas faíscas voan, os ceos mandan á fronte
do heroe a máis fermosa e máis inspiradora;
cal del floridas polas, que ós paxaros arrolan,
despréndese unha flor que fora irmá dos astros.

Entre batentes puños e carballeiras de armas,
evádese coa clava agostadora ó lombo;
traspasa ríos, remonta serras a máis correr
ata pisar de Gades o seco restroballo.

Nunha marxe sombreada por palmeiras reais,
para plantar, detense, da laranxeira o gromo
e, a toda presa índose, «Outra máis pura man
te regue e coide», dille, «pois teño que facer.»

O sol bica, ó apagarse, das lombas os cabelos,

que o mar arrancará para un coxín tecer;
parece amorriñado candil na cabeceira
dun xigante cadáver que van amortallar.

Non existía o estreito¹; o brazo que encaixaba
Bética e Libia era unha restra de outeiros,
ciclópea cadea, da que son cabezas aínda
de Xibraltar e Ceuta os dous altivos montes.

Con ela o Arquitecto as túas ondas pechou,
Mediterráneo, ariscas ó saír do teu leito
para correr ó amplo mar, leóns cara a leonas,
que na praia forcexan nerviosas ó seu berro.

¹ A palabra Freu está viva aínda nalgunhas bisbarras de Catalunya e úsase en tódolos libros de derrota. Os latinos chamábanlle ó estreito de Xibraltar *FRETUM HERCULEUM*.

Era Calpe ese muro ou residuo de penas;
non sería o Pireneo máis amplo nin maior
se, entusiasta de España, a alí viñese o Alpe
atraído, tal abella, polo riso das flores.

Está escrito: unha tarde, as comportas do mar,
para lavar a Atlántida dun crime, hanse de erguer.
Para colgar no beiril o seu niño, a andoriña
non atopará nela terra ó día seguinte.

Os seus outeiros, cal árbores de nave no naufraxio,

tremen cada solpor e caerán escachados;
e hoxe, tal se a cumprirse viñese un mal agoiro,
transmiten ás planicies o seu tremelecer.

Só ti bébeda dormes, do Occidente ¡oh! raíña;
¿non te sentes tallar e que te engole o abismo?
¿non ves de lume a espada desenvaíñar o ceo?
cae de xeonllos e prega; ¡ai! non estás a tempo!

Que do suplicio é a hora terrible, xa lostrega
a clava devalando no rochedo de Calpe,
cal sanguento cometa que polo ceo se arrastra,
secas, pestes, saloucos e loito derramando.

Caen de abraio os homes; estremécense os montes;
con grande afogo espera algo terrible o mundo.
A serra desportélase cos golpes, e as entrañas
mostra o sol, que entre néboa para sempre se pon.

El alenta, e o ferro cortante torna ás brétemas,
para o xardín trocar nun campo de matanza;
cando, cal voo de tenras e de místicas pombas,
envólveno amorosas as lembranzas de Hesperis.

Apiadado da bela raíña dos seus amores,
o mallo, que alabara os ceos, desviar quere;
mais el, entozudíndose, entérrase, e a esclusa,

coma férrea porta, ábrese de par en par ó mar.

Precipítase na auga a serra esvaradiza
e a Atlántida tremendo co gran estrondo agrétase;
as estrelas axexan se lostrega na terra;
a terra, se cos astros lle cae o firmamento.

O heroe, esbrancuxado, pensa que é desvarío;
cando ás costas albisca un Xenio xigantesco,
de quen a grega lira, no santuario profana,
nin Sibila de Delfos, voz do ceo, falaron.

Con lostregar volcánico os seus ollos ira botan;
envólveno a friaxe, confusión e remuíños;
o lume do ceo córcas con coroas de faíscas,
e por música escoita o resoar do trono.

Brande con man arisca a flamexante espada
que o mundo estragará no derradeiro día;
e, escarranchado encima da vítima xigante,
un pé aquí, outro alá, descárgalla na fronte.

Vertendo ira de Deus, na que foi temperada,
baixa, coma columna do pirenaico incendio
que a Atlántida circunda, tal pasara en Europa,
«Pon o pescozo», dille, «abísmate, que caio.»

Estridencia de trompa que ós mundos, na agonía,
chamará o espantoso xuízo do Creador,
a súa voz resoa polo ceo, que se incendia,
cal de rodantes carros atronador rousar.

«Ides morrer, Atlantes: a terra que pisades
trocarase en astelas tal navío podrecido;
arrédese ou afúndase a humanidade altiva;
fuxan montes e reinos, que o mar muda de leite.

»Xa nas súas entrañas gravará a miña pluma
a sentenza do pobo que eterno se coidaba;
Atlantes, non loitedes; non riades, Hespérides;
puros anxos, á gloria; os de Neptuno, ó inferno.

»A túa clava, Alcides, servirache de aixada;
enterrador de mundos, guieite deica aquí,
e para non magoar o teu corazón, a imaxe
borrei da túa amada que reproduzo agora.

»A Europa ti arrancaches de África; ámbalas dúas
dos brazos desa Atlántida arrancarei dun golpe;
e esta couza da terra e os seus fillos espidos,
ós poldros do que adoran, coma gran tirarei;

»¿Sentes? para enterrala a terra xa se entreabre;
míraa precipitada dende o cumo a rolar;

ben que non, beberá, de desacougo virada,
do amarguexo das iras divinas as escorras.

»A mallar ese trigo non estamos sos na eira;
mira alí como as ás estende o Simoun:
sae para loitar do Equinocio o remuíño,
e espántase o mar véndose enriba doutro mar.

»E de acordo cabálgana polos cardinais todos
esnacádoa con bocas de caimáns xigantescos,
dicíndome, roufeños, que eles engulirían
do universo en ruínas os anacos flamexantes.

»Olla como debrocan os nubrados os polos,
que Levante e Poente cos seus fatos recollen;
fanse mestos e achéganse, ó trono arremuiñados
do meu látigo en flama que atizador os acende.

»¿Dun incendio o bramido oes riba das nubes?
De alustras é unha manga que baixa en remuíño.
¿Outros oes no fondo? Son do inferno que se abre
para pola no seo, entre Harpías e Furias.

»¿Non ves como revoan arreo berralleiras
colgándoselle ós pés tal enxamio noxento,
ó tempo que me berra o abismo, onde a arrastran,
porque tardo a botarlle facéndoo languecer?

»Corre, que é hora; afánate. Se tes bo peito, baixa
de Calpe á auga, pásaa e remóntaa dun salto;
saca a Hesperis dos brazos do asoballante mar,
que debo obedecer do alto ó terrible Deus.»

Rouco trono que baixa, ó se caer suspende
penas, mares; no ceo, que fai de tornavoz,
as estrelas e os mundos paran para oír
temerosos a altísima palabra de Deus.

«Ó dar a enxamios de orbes por corazón a terra,
dixen: agarimádea e sédelle coroa;
nos brazos con cantigas, Serafíns, arroládea
porque o home vai ser o amor dos meus amores.

»Pendureina por el no curso do firmamento;
por garda rubios anxos, por candil deille o sol;
e el contra min agora, para facerse Deus,
o universo revolta que ás súas plantas puxen.

»¡El contra min! dos seres aquel que máis amaba,
aquel de quen quería a mente por espello,
como lles praxe ós astros verse lucir no mar
e a un rei a súa estampa ver nos ollos dun fillo.

»¡Oh! cada sol, cada astro do ceo son unha lira

o se amor a cantarme noutros mundos fermosos,
je que a sombriza terra, que non se albisca case,
que esa mancha de súpeto me roube o corazón!

»Xuntei os continentes, da auga ó separalos,
para que as súas linguas para cantarme unisen;
mais o pecado obrígame, con dor, a espaxelos;
¿que mal che fixen, fillo de Eva, que así me ofendes?

»¿Por que me cospes fango do que te fixen eu?
Non parando de amarte só fas que aborrecerme.
Recordando o diluvio aínda treme o mundo,
e xa está a pedir outro cos seus crimes a Atlántida.

»Mais, pronto á que borrou as miñas santas regras,
tal letra mal escrita borrareina do mundo;
e nos vindeiros séculos non saberán dicir
onde están os Atlantes os seus tronos ou fosas.

»¡Oh mar! rompe a muralla de áreas que te prende;
no mar estoupa, oh lume, que burbullas na terra;
atízaos ti, meu Anxo, e dállela a tragar.

»Atoa na rodeira da súa gloria o carro,
ese veneno tira, que outros non o beban;
co machado fai leña da árbore da historia;
espalla os pobos, rompe a terra corrompida.

»E os hoxe inimizados cachos en que se parta,
unidos polos netos de Hesperis amaranme,
cal parella de touros que o boieiro desxongue
para mellor podelos aparellar de vellos.»

Di Xehová, e entre os soles da súa áurea coroa,
a cara viulle Alcides, coma afastado lóstrego
no ceo, que, nubrado, estoura e resplandece,
e case cae, coma árbore que un raio deixou seco.

Mais o seu corazón, de súpeto, afervoadado
coa faísca que o Altísimo lle manda do seu ollo,
lánzase ó mundo agónico cal despenada rocha,
gromo de terra e de augas dun caos en fervor.

CANTO QUINTO

A CATARATA

Invocación ó Xenio do exterminio. Xemidos da terra medio anegada. Cachón de augas que se precipitan pola fendedura do Calpe. Mistura das ondas cos despoños da Atlántida. Hércules, marismas e campos a través, procura a Hesperis, cunha árbore acesa por tachón. Ela óllao chegar e despídese das súas fillas.

Ministro de exterminios, que o lóstrego descargas,
¡oh! lévame entre as ondas de poeira e de fume;
para que volva ver a Atlántida que afogas,

móntame nas túas ás, da túa xostra á luz.

Cántoa zambullada caendo no abismo,
do mundo nas entrañas despertando cal tola;
mais, cántaa ti con voz de trompa de xuízo,
que xa de abraio rouca, non pode a miña tanto.

Gritos de calafrío, blasfemias, berrería,
voces tristes de fosa, voces doces de berce,
fan coro co feroz ruxido e ouvear
con que as boscaxes choran a luz do último sol.

De Pompeia, ó estenderlle o Vesubio o seu manto,
de Troia e de Pentápolis, resoa o forte berro,
os bramidos das augas e monstros do diluvio
e da neve do mundo, ó romper, o estoupido.

En sepulcros de espuma enterrados os montes,
no bulleiro, responden con berros e xemer;
e de escorregamentos escóitase rumor,
coma se males xenios lles roesen as entrañas.

Baixo a coitela, a vítima forcexa; mais «Ovella»,
parece que o Anxo di: «non fai falla que teimes;
quen che despluma as selvas, quen che esnafra os cavorcos,
quen de vélaro os teus campos cobre, vén desosarte.»

Ó seu redor o teu reino alporízase e treme,
años que a ovella viron nas mans do matarife;
e, os osos dislocados, de entre os brazos do mundo
sente que lle arrebatan de raíz o corazón.

No intre que nas ondas Calpe se desportela,
debrócanse en fervenza coma feras ouleando,
e os pedazos de serra que auga abaixo rolan
ensanchan máis a gorxa da tragona voráxine.

«¿Que baixa», berra un neno, «de Xibraltar a fatos?
Non son años que veñen renovos a pacer,
son bramadores monstros de crinas encristadas;
¡oh nai, naiciña miña, esmáganos a todos!».

«Esas verbas, dille ela, «rómpenme o corazón;
ven ós meus brazos, fillo, non é mester que fuxas;
escapade vosoutros, alados paxariños;
co que máis amo espero que me veñan tragar.»

O Volga, o Vermello, o Ganxes, cos areais e rochas
semellan cen ríos caendo nun confuso trebón;
así esfameada embocas xeracións e séculos,
ti, sen fondo nin beiras, negrosa eternidade.

E soben e retornan e envorcados abísmanse
en remuíño, frenéticos, mar sobre mar, ó fondo.

Coa fervura de escumas e ventos exaltados,
renacer semella o caos, fosa e berce dos mundos.

Parece que ó caer de serra en serra o mar,
role co furacán, coas brétemas e o lóstrego,
procurando no abismo a osamenta da terra
para dala ás aguias do ceo a deglutir.

E acolá polas chairas de Hesperis espallándose,
ergue, esmaga e abriga para volver poñelos;
vanse as serras, volvendo atrás e mergullándose,
e torres que subían ó ceo, bican o po.

Érguense ermos e marxes, despois que o mar tronzou
cunha man os seus bosques, coa outra as súas cidades;
ós pés do outeiro rola o seu cume, e bambea
o espírito das ondas nas douradas searas.

Descabezados ídolos, do templo seu despoxos,
coa floriña dan voltas que incensaba os seus pés;
os cálices e os cetros agáchanse entre follas,
ó ver así afogaren sacerdotes e deuses.

No niño da aguia a toupa, o peixe nunha nube;
a nave torna ó cume do antigo piñeiral;
e no leito do gamo a rémora envorcállase
e cachea o de Hesperis un marino galápago.

As eguas que mallaban revoan polos aires,
coa eira e o casal, gavelas, segadores;
fan un mollo entre as ondas, labregos e arboreda,
e cos mortos a fosa mestura os sepultureiros.

Desto a través, cadáveres de pobos e boscaxes,
que ferven coas nubes en cheirenta mestura,
camiña e nada Alcides cara ó horto das cantigas,
gozo de cachalote, de tremelgas e morsas.

Preto del fachendea unha illa verdecente,
e con beos de morte aínda ve brancos años,
que agardan seren presa de carnívoras lobas,
cando, con illa e todo, outra onda os mergulla.

Mozas galanas chámano no cimal dunha palma,
alongándolle os brazos de lazo esbrancuxados;
e nos seus xeonllos fortes e rubia cabeleira
colgan infantes tenros de frío esmorecidos.

Rexéitao todo o grego e empurra a cada lado
os mortos e os viventes, carneiros e maleza,
cunha xigante tea que o forte vento aviva,
a Hesperis procurando, xentil de negros ollos.

No intre con ais de pranto e saloucar de moza,

férenlle, penetrantes, o corazón seus laios,
coma asubío e triste suspiro de xílgaro,
ó levarlle a arroiada a algareira rolada.

Non lonxe das Hespérides dóese a triste nai
no horto onde se esfollaron coma a súa vida as flores,
cando da facha a luz aterra a súa vista,
e a esperanza e o medo no seu corazón loitan.

El no seu reino os mares soltou. ¿Vén a incitalos
ou, condoéndose dela vén a levala a porto?
Mais ¿vai deixar as fillas?, ¿como soñar deixalas?
Xamais: entre os seus brazos antes retar á morte.

¡Oh celestial pureza!, entón apareciches
coma Anxo ensinándolle de Bética o camiño;
«ven, se queres gardarme o teu lirio», dixécheslle
e, para conseguirte, despediuse de todo.

Por última vez chora coas súas fillas que morren
tal dedos de man gafa, baixo da laranxeira
encollidas; nas sombras onde foran felices,
ó deixalas cadáveres, quixérao ser tamén.

«¿Por que o meu colo, ¡oh fillas!, enarboro eses brazos?
Encólleseme o peito ó telo que dicir;
nosoutras, que viviamos de biquiños e apertas,

ímonos dar os últimos denantes de morrer.

»Quen na terra vos puxo para sempre vos deixa;
 mais as súas entrañas non tachedes de crueis,
 que é moi magoante a espiña que hoxe mas esgaza,
 e son as miñas bágoas do corazón raíces.

»Saber máis non queirades, do meu amor doncelas,
 abrídevos no ceo sen entender o mundo;
 eu que ¡ai! me embebedei de ulidos e cantigas,
 terei que me arrastrar coa vergonza na fronte.»

E ó ceo alzando a vista, dilles: «deica nos ver»,
 dos seus brazos ceibándose, que caen esvaídos,
 do xeito que esmorecen as ponliñas das hedras,
 da árbore ó perderen os seus brazos e peitos.

CANTO SEXTO

HESPERIS

Os Atlantes suben serra arriba para construír un gran casal, que lles sirva de abeiro no novo diluvio. Hesperis foxe ó encontro do heroe. Cóntalle os seus amores e o casamento con Atlas, as súas penas, e a súa mala fada. Hércules tómaa por muller, e a través das ondas, desanda o camiño de Gades con ela ó lombo. Desfalecida, dilles adeus ós años e paxaros que foran a súa delicia. Os Titáns apuran a erguer o seu edificio. Cando o teñen a punto de rematar, decátanse da fuxida da súa nai co grego; e cos anacos da obra ciclópea que lle lanzan, perségueno montaña abaixo. El foxe con grande alancar entre pedras e augas. Horribles visións de Hesperis no escuro. O lóstrego acende a gran cidade dos Atlantes, e eles, guiándose pola súa claridade, case alcanzan a Hércules.

Hesperis de ollos negros, raio na escuridade,
para que ó grego os fillos non vexan, acaróase
á cidade ciclópea onde eles rumorexan
cal un enxamio ó ver roubar os seus trobos de ouro.

E temerosa dilles que suban á montaña,
e que no cume monten unha cabana a présa,
para se goreceren do segundo diluvio
e ver como se estende sen perigo e enxoitos.

«¿Iredes vós?» preguntan, e con voz que lle treme,
«Aló irei», respóndelles, «ó vir a marexada.»
Pero seus fillos sinálanlle aquela montañaña,
e ela pensa en cavorcos e terras de máis lonxe.

E, pola encosta arriba, arramplan grandes croios,
mallos e cuñas, para faceren a soleira,
e cargan, ó pasar, con árbores da chaira
que lles servirán para facer trabes e vigas.

Ó velos tan lixeiros agatuñar as rochas,
recorda Hesperis a hora que os pariu fermosos,
ergue e retorce ó alto os brazos, e cos labios
medio entreabertos, bérralles: «Volvede, enganeivos.»

Mais repensa, e temendo, se se doe por eles,
que lle han quitar a xoia que ten de máis valor,
á súa fosa deixándoos voar a toda brida,
atura o mar de bágoas con que desfoga o peito.

Para sempre despídese cun laio de agonía,
e dous regueiros solta dos ollos, lonxe deles;
e cos cabelos soltos, tal presa de loucura,
dille a quen se lle achega palabras de saloucos.

Ó vir a esnaquizala, lobos de mar e terra
amáinanse oíndoa tan doce suspirar;
e semella que as ondas se paran a escoitala,
coma ños achegándose para bicarlle os pés.

«Deus ou mortal que sexas», dille, «ti que viñeches
para verme con tódolos meus ó abismo rolar,
se das dores naciches de nai humana, apiádate
de min ¡ai! que con bágoas de sangue os pés che empapo.

»Nai fun; as miñas fillas non deixei ver ó ceo,
pois queríamas para flores do seu xardín;
morren e o seu alento non poderei beber;
lonxe dos brazos morren onde eu as arrolaba.

»Doce fillos criei de peito de titáns
que, en guerra contra Deus, destragan o universo;

co que tiran ó ceo, a súa fronte satánica
caerá rota, e nai mañá xa non serei.

»Antes tiña unha patria, xema de ovo da terra,
canto ameí xa non teño nin tan sequera patria;
o teu brazo terrible por sempre soterrouna,
os ollos só me deixas para chorar a súa fin.

»Deste corazón roto doerte ben que podes;
non teño medo ós monstros que do aire vexo vir,
facendo rinchan serras de dentes que me han moer;
outro tremor me acora que dicir non me atrevo.

»Cando me coroaban os días amorosos
¡ai! de xuvenís flores que murcharon as penas,
da serra do seu nome, nos soleados cumes,
do grande Atlas soñaba no peito acobadada.

»Na estrelecida os ollos e no máis alto a mente,
cantáballe el ós ceos e ó fillo da alta rubio;
dos mundos que creou Eros a amizade acordaba
e, con áurea lira, eu daba o ritmo festeiro.

»Pulsábaa, ós meus fillos orgullosa volvéndome;
praciame ¡ai! velos, cos seus xeados dediños
escarpeando elas años, con tomiño apastándoos,
e cos leóns batirse eles sorprendidos na costa.

»A miúdo, cos seus xogos deixándoos na lamela,
iamos folgar ó cachón dun regueiro,
de mandarina, breixos e floridos sabugos
de brancas ás ós cisnes prestándolles o niño.

»O mencer lembrabamos da nosa mocidade,
e das miñas Hespérides os ollos soñadores;
verbas de namorados esposos falabamos,
que ó lembrar a miña alma estoupa de dozura.

»Soños de maio, ¡cedo rematastes!, agora
só sabe suspirar a miña alma, entre espiñas;
e despois de ter adormecido con bicos,
só sabe hoxe laiarse, os ollos só chorar.

»Adurmiñando o Atlas á sombra duns arandos,
era un cálido día de sol moi bochornoso,
eu lonxe, coas ovellas oíndo os meus poliños,
achegueime das augas a tomar o frescor.

»Un paxaro que ós poucos nos viña comracer,
fermoso tal estrela, por desgracia voou,
distraendo dos xogos á miña prole candida
coa súa pluma azul e co seu bico de ouro.

»Colle bicada, da herba sobe a unhas xestas,

da xesta a un álamo onde aniña o oureol,
e vén de pola en pola, entre festas e saltos,
ás cortinaxes de hedra que me serven de sombra.

»Espiándoo seguiron os meus lizgaios fillos
e facendo torcer as salgueiras coa man,
onde coidaban ver asustados paxaros,
víronme distraída gozar entre as escumas.

»Repénsano inocentes, pero os seus ollos mouros
á miña cara entornan, en mala hora fermosa;
e ó ceo voando o xenio bendito da pureza,
esconde os seus chorosos cos finísimos rizos.

»Ó medraren e velos de victoria en victoria,
camiño de Levante coas armas a guerrear,
pensei que, ó morreren, da gloria o arrecendo
levaría as turbias lembranzas que me matan.

»Atlas morreu e, indómitos, os fillos do meu ventre
rodeáronme acendidos dun malfadado ardor,
e hoxe mesmo quixeron, ¡non é moito que o mundo
se funda!, ofrecerme o seu amor maldito.

»Ós ollos en que ollarme soía ¿como aresta
debíame espetar rasposa e foguexante?
¿Chamar sobre a súa testa do voso, ¡oh Deus!, o lóstrego?

¡Perdón!, eu era a nai; o meu corazón non puido.

»Co peito desazado, nin sequera palabra
lles tornei, e, con ollos de bágoas rebordantes,
da fosa de quen amo viñen regar o salgueiro,
e aquí eu morrerei se a acollerme non vés.

»Ti, que a patria me afundes, non me perdas con ela;
dóete desta nai e lévaa contigo;
líbrame de perigo a xoia máis fermosa;
salva a miña pureza ou esmaga o meu peito.

»Polos que pai te chaman, prégoche que ma salves.
No colo arrolareinos e dareilles os meus peitos;
¡mira que é unha espada para este corazón
aleitar a fillada de quen matou ós seus!

»Mais... non queiras levarme, que de Atlas son muller.
¡Ningún me tocará nin para saír da tumba;
ábreme unha e sepúltame cun penedo por lousa
que arrancaren non poidan os meus fillos das entrañas!».

Dille; e ós pés dunha árbore inclinada, morrendo,
dos osos a carón do seu defunto esposo,
oe a verba «Espósate» saír baixo do mármore,
entre prantos das fillas e berros serra arriba.

«Imos» dille Alcides, «imos, non suspires;
eu tamén da patria deixei as ribeiras;
¿de Grecia a fermosa falar non oirás?

por ti deixareina

se en doce esposorio te unes a min.

»E o ceo quen me guía coma nave ás beiras
dese reino náufrago, para traerte a porto
e irmos a unha praia, onde non estrañes

os bosques que foron

teus bosques e cedros que a morte seitura.

»Onde por ti esperan as virxes de Iberia
a terra é máis verde, o ceo máis azul;
transplantar ti podes as rosas de Hesperia

mais eu de Beocia,

coa arte da guerra, os xogos de paz.

»¿Abráiate a clava que ós monstros aterra?

o meu corazón de ferro non é;

namentres abría a serra de Calpe,

sentía a túa voz;

por iso corrín a darche os meus brazos.

»Cal río caendo do cume do monte,
rompo cantas árbores se me poñen diante,
esnaquízoas todas tal lanzas de cana,

e rego amoroso
as xuncas e flores da fértil valgada.

»¿Quen son? Os Centauros de Tracia coñécenme,
ó verme os leóns medoñentos foxen,
as terras soberbias de medo estremécense,
e mesmo os cavorcos
tremen, se con ira piso as súas fronte.

»Son vento que as selvas remove coas ás,
raio que nas augas abre un pasadizo,
quen afoga as Hidras, o que desala á aguia;
para eses Alcides,
mais para ti son loureiro arrandeante.

»Pero a auga xa abriga vales e chairas;
¡Ven! antes que abrigue as serras e todo;
Saíamos da terra de xistras impuras,
belísima Hesperis,
¡antes de que a rompa o Eterno tal vaso!».

E colléndoa no colo, ó cachón do mar lánzase,
de pés e mans servíndose coma de ás e remos,
mentres ela, con voz amarga polo loito,
recorda así nas selvas os seus xoiosos días:

«¡ Adeus alados merlos, aves que me espertastes;

non volverá acanearvos da alba o vento suave;
silveiras enramadas que me dabades sombra,
pontes e pórticos verdes, para sempre adeus!

»¿E os meus años? Coñecen a miña voz e veñen,
¡que fermoso ¡ai! o velos, que doados de afagar!
con tristes beos míranme fixamente, deitándose,
coma dicindo: "Mátanos, pois non podes salvarnos".

»Tamén busco ¡ai de min! a morte e non a encontro,
no rexistro dos vivos xa condenada estou;
adeus, río ó que perlas non roubo nin pebidas,
ata sempre, boscaxes, dos meus fillos abrigo.

»Por sempre, e canto estimo, xardín, voute deixar
do mar por pasto; ¡tanto como eu te amaba a ti!
A lira que eu levo fará que máis te chore,
pois só a corda da dor ten o meu corazón.»

Mentres, riba da altiva serra que toca as nubes,
outra os Atlantes erguen, tal fachendoso forte
que os goreza coa Hesperis xentil, de rocha en rocha,
cando suban as ondas, coma cans ó festín.

Escachiza o canteiro con ferro a pedra crúa,
amolecida polas sudas dos brazos seus,
e as penas deixa caer enriba do seu lombo,

coma ponte mariña, o encurvado peón.

Con ganchudos unllóns de diabo outras arrancan,
fortes, escarranchándose, con tremecer dos cumes,
e a patadas, sen mallo, vanas esnaquizando,
con pedras acuñándoas, para mellor fendelas.

E con brazos de cíclopes sobre máis grandes rochas
sóbenas, en paredes de cinco brazas de amplo;
e outras, que pola noite, gorecían ás feras,
arrancadas, tal madas de la, vanlles encima.

Despois, para coroala con resistente cúpula,
anícanse cen costas coma arcos dunha igrexa,
e poucoa a pouco asentase o penedal terrible,
sen sentiren cansazo as humanas cariátides.

Cando, feito o edificio, rían do balón,
serra abaixo, de escumas e leña no burbullo,
da resinosa tea á luz, virón ó heroe
fuxir ¡ai! con Hesperis, súa bela nai, no colo.

Os alzapremas férreos lle tiran e penedos,
e despois os cachotes de sarra que, a os lanzar,
coma ríos ó mar caen, apontoando os brazos
en plátanos sen polas que fan de parapetos.

E detrás deixan terras e mares ás zancadas,
pasan fondais e cuncas, torrentes e regueiros;
ós seus ó retornar a grúa, no seu voo
non ve así a máis correr pasar lombas e vales.

Os seus berros e coios e as trabes zoadoras
a Alcides esporean que foxe polos ermos;
cando ós seus pés barbeitos, selvas e montes faltan,
cal tallamar, devora as ondas valeroso.

Os coios, terróns, troncos e á fera tempestado
e ás mil salpicaduras que enchen de lama o ceo,
únese a dos nubeiros, encima da súa testa
bruante, esmagadora, en remuíño estalando.

O piñeiro que alampa do heroe na man, apágase,
soa estrela a brillar nesta horrorosa noite,
e no escuro de Exipto todo se esconde coma
se, quen os acendeu, os astros apagase.

Leóns, caimáns e boas con osos brancos atópanse,
mesturados con montes de lazo e de verdor;
con eles grandes ondas polos mares galopan,
cal se o mundo crebase de espasmo e tremecer.

As néboas, amoreadas con auga e pedra fúndense,
a crina de lume expulsan os aires desembridados,

e bramando responden as baleas ó mar,
coma flotantes illas fendendo a inmensidade.

Abríndose camiño contra corrente, o grego
entra ás apalpadelas, sen atinar a onde;
e o temporal, e a chuvia que envolve o furacán
e os mares, un a un escáchanlle na testa.

Das alturas caendo en infernal tramoia,
afúndese no abismo horroroso e caótico,
e dos antros levántao máis forte sacudida
polas néboas arriba, cal folla en mans do vento.

Cando esnafrarse coida, por ruinoso fondón,
agarímanlle os pés cibada e flores do agro;
e ó baixar a marea, cando pensa que mingua,
de súpeto remóntase ás nubes xunto ó lóstrego.

E á súa claridade, parece un caos roxo
o mar do que el é átomo, nunha onda pendurado:
bocas de monstros abaixo dentro do mar que brama;
enriba, augas e mármore, madeira en gran chuveira.

Ondas, ventos e brétemas, con ronquidos que espantan,
miden do ceo e o pélogo o abismo a vorcallóns,
na súa loita e desfeita, sete veces pasándose
dun ó outro o teimudo estoupido dos tronos.

Ve mollos de cadáveres, de pequenos e donas,
o seu algunha aínda levando no colo,
e ós Atlantes, nas cristas das afastadas mareiras,
de basilisco a ollada fixamente cravándolle.

Novamente recóbreno mestas tebras escuras;
desesperado loita, da terra ó ceo lanzado,
xa atrancado nunha pena entre afiadas gretas,
xa por longos cabelos dunha silveira preso.

Afúndese e axiña a onda negra sepúltao;
onde busca refuxio sae feroz dragón;
o abeto ó que se agarra salta de raíz ou rompe;
onde pon o pé escacha para engulilo un pozo.

Dunha fera monstruosa a lostregante ollada
seguindo, case o atrapa na súa gorxa aberta,
e topando nas serras das súas moas, Hesperis
fai oír o seu susto no horroroso concerto.

E monstros imaxina entón máis espantosos,
que en grupos espernean e xogan ó redor,
abrindo as súas bocas de caverna insondables,
a miúdo acendidas tal forno por un raio.

Para ela é todo un caos de fantasmas informes;

sonó as torres e zócalos rodando en confusión;
a ventada é aire das súas ás grandiosas;
a súa lingua, o lume; o seu bramar, o trono.

Espectros son, que alongan ennegrecidos brazos,
os vermes que o xostregan flotando cara arriba;
baleas son as rochas, xigantes os outeiros
que cubertos de nubes atácanse un a un.

Enche o espacio, de súpeto, claridade feroz;
decátase ela, o lóstrego prendeu lume na Atlántida;
a flama, que a rodea coma caixa infernal,
responde ó mar e ás nubes con máis grande xemer.

Verxeis, currais e pazos son bocas de Vesuvio
coas que loita, engulíndoas a cachos, a madeira;
cando os fillos se decatan, co diluvio loitando,
«¡Tardou abondo», exclaman, «en clarear o meu lar!».

E, pouco a pouco, Alcides oe chover máis preto
coios que servirían para moas de muíño,
e escumar e mareira detrás del remover,
tentando de engarfalo cos seus brazos de angazo.

A cada intre resoa máis preto o seu bramido;
coas uñas xa lle esgazan a pel dos seus calcaños
e, ante o berro doloroso de Hesperis feiticeira,

teme que xa agadoupan seu cabelo a voar.

CANTO SÉTIMO

CORO DAS ILLAS GREGAS

Episodio: O Estreito de Xibraltar ensánchase, e o mar Interior deixa fluir máis de presa as súas augas, deixando ver novas illas e terras. Espertar de Grecia. Délos. As Cíclades. As Equínades. Sicilia. Lesbos. O val de Tempe. Rexurdimento. Apoteose de Hércules.

Ante as crecentes ondas a portalada inmensa

abre de par en par de Xibraltar o Estreito.

Os montantes de pedra ábrenlle paso á riada,

e a fronteira de Calpe sérvelle de limiar.

Con berros abraiantes precipítase o mar cal

se a voz de Adonai tronase aínda no ceo;

e rola con sargazos, lama e bosques revolto,

montado cal salvaxe corcel en remuíño.

Medra, esfameado monstro, e ruxindo a ferverza

atrae de Etruria e Chipre as augas cara a aquí,

os seus lagos mingua o Adriático, o Exeo os ríos de prata,

e vértese, urna rota, vasto Mediterráneo.

O río de Exipto alonga, tal crocodilo a boca,

Esmirna, Efeso e Troia de Neptuno arrédanse;
con brazo rocoso únese o illote de Tiro a Asia,
e o seu peito nu as Sirtes dan ó bico do Sahara.

Os Apeninos tenden a súa base marmórea,
Provenza crece para ver brotar illas de ouro,
e, coma os primeirizos tenros gromos das árbores,
os continentes cínguense de illas verdes en flor.

Ó se agachar o sol, as súas raiolas corren,
coma arroiadas de ouro camiño de Occidente;
escoa o bruído e a vida do universo,
e é de estrelas un pélogo volcado o firmamento.

Mais nos pregos e restos de ouro que o día esconde,
desengastadas perlas, lumbriga algunha estrela,
muxicas que quedaron daquela inmensa pira,
pegadas do xigante astro que enchía o ceo.

Nai dos deuses ¡oh Grecia! ti durmías
cal Venus polas ondas acaneada,
aquela noite horrible, e non oías
as enxordecedoras harmonías
coas que fora a Atlántida afundida.
Mais, coma manto azul esnaquizada,
o mar, que aínda en dous pregos te abriga
mostroute núa ó ceo e espertaches;

e ás celestiais raiolas tremelantes,
e ás da lúa amiga,
os teus tenros ollos, aínda soñadores,
ó horto das Hespérides viraches.

Polas túas areas
rolaron sete cantigas sonoras
cal de xentís sereas
que os amores e penas
a suspirar viñesen á túa beira.

DELOS

Polo arpón arrancada de Neptuno
dun dos tres cantos de Sicilia bela,
vinme nova estrela,
do mar inmenso no azul lanzada.

Ó mirarme as gaivotas
de burbullóns de espuma coroada,
créronme a súa cándida parella;
tamén do mar as aguias
imaxinaron que era flor noviña
que entre encaixes de mar e de corais
a pálpebra romperá.

Ó me veren nas marxes de Etolia,

Aqueloos, ós bicos do amencer,
tomábame por cáliz de magnolio
que lle ofrecía aromas á súa beira.

As illas confundíanme
por un navío de rumbosa vela,
que, con rico recendo,
os aires rebuldeiros
de Epidauros a Dórida empurraban;
e con rumores, música e cantares
os Tritóns e Oceánidas seguían
da miña estrela o fío prateado.

Encontrou no meu seo doce acougo
Latona, perseguida
por Xuno soberana,
do deus Xove celosa;
cando ata os ríos fuxían dos seus pasos,
os seus ribazos lle negaba a selva,
e o fero león a cova;
das miñas palmas recostada á sombra
pariu. De Febo e Diana fun barrelo,
e entre os meus brazos doces arroleinos.

Ó se iren das pactóleas ribeiras,
cantando sete veces me rodearon
os cisnes de Meonia, e fuxitivas

ó meu redor danzaron
do ceo as horas, debrocando as faldras
de mirto, terebintos e doncela,
de ámbar, coral, topacios e esmeraldas.

Coma un campo de rosas e violetas,
son de tódalas illas a raíña;
 mais, onte á noite, rápida,
a un agoiro de próxima treboada,
do mar de Mirtos me abriguei nas calas
 que enmelo cos meus aires;
 e recollendo as ás,
enraicei aquí as miñas áncoras.

AS CÍCLADES

Ninfas de pés de rosa,
en xuntanza airosa,
saíamos das praias de Argólida
 para ver Delos bela;
 e iamos e viñamos
a flor de auga coma ela esvaradizas;
cando os nosos pés se xean,
tal pólas de madrepora, e se enraizan;
 en fácil promontorio
as nosas costas de marfil esténdense;
 no corazón sentimos

a frienta xeadá entrar do mar;
 de narcisos, lentisco e xenebreiro
 grinaldas cinguimos;
 e en celeste chaira,
 coma flores do ceo,
 rodeando a illa onde pariu Letona,
 para serlle coroa,
 en pase do mar nos convertemos.

AS EQUÍNADES¹

Ninfas tamén, do rei Aqueloos fillas,
 con tantas ninfáceas e xunqueiras
 as aras enramamos doutros deuses,
 que para o altar do pai
 só troncos e follatos atopamos.
 Cun horroroso berro na ribeira
 o río rebordou,
 coma un león saltando ás carreiras;
 nós cara ó mar, fuxindo polo atallo,
 as súas falcatruadas sorteamos,
 mais entre penas e escumosas nubes,
 xa ó pasarmos a foz,
 co seu alento fero
 convertiunos en rochas,
 onde Protao vén as focas pastar.

¹ Case coas mesmas palabras contan os mitólogos o nacemento destas illas, situadas na boca do Aspropótamo (Aquelous), e máis coñecida hoxe co nome de Curzolari. Entre elas e a cidade de Lepanto deuse a gloriosa batalla deste nome, na que, ferido de morte, o islamismo empezou a penosa agonía.

MOREA

Cal folla de moreira
na primavera ó renacer o zume,
sinto como se estende con ás novas
esta miña ribeira.
Espreito a Elida xunto a ti, Zacinto,
rosa das illas xónicas, ollarse,
e cunha ponte de ouro a gran Corinto
con Beocia casar:
e namorados da riseira Cíteres
o forcado Maleo e o Tenari,
con dous ramos de palmas
os seus amorosos brazos achegarlle.

SICILIA

A rebentar meus Cíclopes bouraron
toda esta noite; o rumorear dos mallos
dentro das forxas do Etna resoou;
na súa infernal horrible cheminea
víase un burbullar de fume e flamas;
e por vales e montes,
a terra, en agonía,

botaba a golpes lume das entrañas.

E feroz estouraba
o lóstrego ó solpor, e remuíños,
tal dalgún continente que se rompe
con cidades, con reinos e coa gloria.
Aínda da outra banda segue o trono;
xa estou afeitada a lóstregos e raios;
con Italia xa nada me vencella,
 pois para grega ser,
ó vela endurmiscada no misterio,
a amizade negueille para sempre.

LESBOS²

Entre Lemnos e Chío,
namentres que soñaba ben ditosa,
(a non ser que aínda amurriñada soñe)
 as miñas dúas metades
 engadidas se viron,
cal aneis de cadea feiticeira.
 Xa os meus viñedos de Issa
 alongan colgaduras
polos xardíns soleados de Antissa;
xa o año deleitoso cos seus pasos,
 de silveira en silveira,
saborea as xunqueiras que tapizan

estas miñas bisbarras semellantes;
 e o mar que as miñas costas entrecorta
 afrouxando a pracer os seus brandos lazos,
 as miñas fillas xemelgas
 déronse os brazos hoxe para sempre.

 Cando inhumanas donas,
 a lira esnaquizando e as coroas,
 a testa a Orfeo arrancan,
 as ondas, menos mouras cá súa alma,
 recóllena na súa falda de perlas:

² Segundo testemuño de Reclus, uníronse en época non moi recuada, as dúas illas, Issa e Antissa, formando a fermosa Lesbos.

Os lesbiáns eran os mellores músicos de Grecia. Aquela illa encantadora foi nai de Safo e Terpandro, que lle puxo sete cordas á lira; e a ela levaron as ondas a cabeza de Orfeo, que ó chegar repetiu con voz inqueda o nome da súa perdida Eurídice. Mirada Lesbos sobre o mapa, parece ter alguna semellanza co instrumento musical as harmonías do cal resoaron tan docemente séculos e séculos nas súas ribeiras.

e arrolánda, arrolánda condoídas
 e as feridas coutándolle con bicos,
 de flora nos xardíns,
 da miña orballada horta
 cal presente das Ninfas a deixaron.
 O seu labio abrindo, que desflora a morte,
 coma murcha doncela
 que revive coas súas bágoas a aurora,
 alí o nome suspira
 de Eurídice fermosa;

e eu, ó escoitalo, suspirei coma ela.

A súa lira tenra,

fontela de dozura,

xunto ó Cisne entre as estrelas posta;

e eu, de tanto mirala nas alturas,

con terreal figura

a súa celestial copiei.

TEMPE³

Polo interior reloucando dos meus bosques

o Peneos, ó paso das centurias,

coma un corcel sen brida

foi perdendo o salvaxe galopar,

e dos meus reiseñores coas centurias

e co ruxido suave da follaxe,

as ondas arxentinas,

dando bicos ás flores e xogando,

de verxel en verxel empreguizáronse;

e á sombra das roseiras que o sol bica,

en leito de gladiolos e craveis,

baixo de arcadas de hedra,

cal esvaídas mozas,

durmíronse encendidas polo amor.

A madresilva, a lavanda e as mapoulas,

ó acaneo da auga desfolláronse,

e soas as estrelas,

de azul vestidas e esplendores novos,
do estío en noites momas acaneáronse.
Hoxe viña a ollarse a carón delas
 a raíña esbrancuxada,
cando do Olimpo e a Osa entre as plantas,
 abríndose saída,
 as ondas ondulantes
tornan ó leito da corrente antiga,
e eu volvíñ albergar a primavera
coma no florear dos meus abrils.

³ A tradición, de acordo coa xeoloxía, refire que en época moi remota o Peneo inundaba Tesalia, país dos centauros, e que un terremoto separou a Ossa do Olimpo, abrindo no río un pasadizo ata o mar.

Os mitólogos engadiron este feito ás xa numerosas xestas do seu heroe predilecto, e, só por se referir a el tan fermosa e verdadeira narración, fixen falar a Tempe entre as illas, licencia poética que agora, a min mesmo paréceme imperdoable.

Vide, vide, oh virxes de Tesalia,
como ó seu trobo as místicas abellas;
deixade para as miñas fonteliñas,
oh Piérides, as augas de Castalia;
e desvelando as doces cantarelas
 que adormecen na lira,
 decide: ¿quen retira,
cortina do meu ceo, a colcha azul,
que no sombrizo leito me cubría?
¿quen desata a Peneos xigantesco
 do aroma dos meus brazos?
do Exeo as augas ¿quen as desviou,

cal cervas temerosas,
 facéndoas recuar?
 ¿quen levanta nas praias ondulosas,
 de illas a rir constelacións verdosas?

«Évos meu fillo Alcides», dilles Grecia;
 «olleino dende a serra
 que, mirador dos deuses de Tesalia,
 contempla a longa terra
 deitada redondearse no arredor,
 cal escudo esmeralda que circunda
 o Océano . E meu fillo quen desata,
 Peneos aloucado, as túas bridas
 pois Tempe e os seus amores esqueciches.

É el, que vos despechou,
 cal do meu horto gromos matinais,
 oh Cíclades herbosas.

E el quen a ti, Citeres,
 e a ti que o nome quitas
 ás túas fillas roxas ,
 vos encargou vixiar o mar Exeo.

⁴ Os primeiros gregos consideraban a terra coma un círculo plano, ó redor do cal *o gran río do Océano* ía dando voltas

⁵ Rhodas, do grego rhodon, rosas

É Hércules quen arranca,
 Mediterráneo, o veo dos teus misterios;

de Xibraltar abrir vinlle a cancela,
 e nos campos de Hesperis,
 cunha acendida póla
 a Neptuno mostrar máis hemisferios.»

Dixo: e coma de cisnes a rolada,
 preto do seu niño feito de musgo,
 ó oír a voz doce
 da que lles dá bicada gorentosa,
 as ás buscando maternais, as illas,
 do Exeo cándidas fillas, e de Grecia,
 ergueron un cantar de nacemento,
 que, arrolándoas aínda nas súas conchas,
 recorda suspirando o mar inmenso.

Nun recanto do monte
 a Oréade enxóíase e perfúmase;
 estase a bañar Náíade
 na fonteliña de leitosa espuma;
 na engurrada cortiza de cada árbore
 alentan novas deusas;
 colle o mármore vida, forma e alma,
 e en cada flor os Céfiros amantes
 ven os ollos verdosos
 da púdica Napea.
 Das Gracias ó compás,
 harmonizan a súa danza nas ribeiras

os pastores á sombra das acacias,
 e no ceo as rítmicas esferas.
 E mentres coas súas xoias e as de Ceres,
 a enramallada Flora,
 para cubrir das illas a nueza,
 máis nova alfombra de verdor estende,
 Iris, que o sol estraña,
 tece na súa grinalda as sete cores
 que o ceo toma por banda,
 e do sagrado Olimpo, entre as brétemas,
 deuses fan sitio ó máis varil dos homes.

CANTO OITAVO

O AFUNDIMENTO

A arroiada domea as alturas e únense para sempre as ondas do mar do Norte coas do Mediodía, as de Occidente coas do Mediterráneo. Hércules achégase ó mar de Gades. Déixase quitar Hesperis das súas costas por Xerión, que derruba unha gran rocha por riba del. Rexorde aquel da auga e mata ó traidor. Nace a árbore DRAGO e chora sangue a carón do sepulcro. Hesperis dende o alto dun penedo despídese tristísima da terra que se funde, e cae en fantasioso desvarío. Alcides, ó poner os pés no promontorio, mata ó xigante Anteu, e, facendo arma do seu cadáver, persegue e acaba coa casta das Harpías, Gorgonas e Estinfálidas.

Mais xa, por raios e ondas arrebatados, saían
 escachizos e raíces de Calpe cara o espacio,
 con cantos esquinados que enchían o seu vougo,

a luz fermosa vendo que non ollaran nunca.

E abraiados co caos, remánsanse outra vez
 enriba de sillares que servirán de base,
 e os astros tenebrosos do mar aquel revolto
 atronan e estremécense na gran reviravolta.

Das afables Hespérides o tálamo afundíase,
 os cumes, desprendéndose, aséntanse nos vales,
 e con horrible ouleo e xemer estoupaba,
 tal muller que en mal parto dá as últimas boqueadas.

Abren fosa nas lombas as chairas que se escachan,
 dando en pozas e covas bufaradas de morte;
 nin se esgallan xa os bosques nin se esborrallan vilas;
 dun mundo en agonía mortal son os xemidos.

O minhocao¹ enorme, dentro das súas entrañas,
 ó velas en buracos abrir, con gran furor
 sae por entre as ruínas de montañas e pobos,
 e, de terras e mares, ós monstros ponlles medo.

¹ Historias terribles deste animal circulan por Brasil, terra probablemente veciña da Atlántida, revestidas dun carácter marabilloso. Habita, din, as montañas meridionais daquelas comarcas; e os que suponen telo visto atribúenlle unha larganza de 250 palmos e und 25 palmos de amplo, e engaden que vai cuberto de ósos coma se fose unha coraza, e arrinca piñeiros coma anacos de musgo, e revira os ríos ó seu antoxo, convertindo as chairas en lagoas. M. Fritz Müller, de Itajahy, acaba de facer unha notable comunicación ó Zoologische Garten, dando conta de todo canto puido recoller relativo a tan xigante animal; e parece que se inclina a crer que pode ser un peixe monstruoso da orde dos *LEPIDOSIREN* ou dos *CERATUDUS*. Outros autores coidan que é un enorme descendente dos *GLYPTODONTES*.

Con el outros o abismo cospe, que na durame
da árbore que se abate tiñan áspero niño,
dragóns, víboras, áspides que hipnotizan coa ollada,
a boas grandes que teñen dun río o cobregar.

Estoupan, coma dique que se rompe, os nubrados,
e os ceos en meteoros e serpes fulgurantes;
e a Atlántida, coa carga de ondas sobre ondas, sente
que as raíces lle crepitan coma feixes de canas.

E enriba dela, horrible cal nunca descargándose,
do Eterno a ira esmágalle os seus peitos e a fronte,
mentres nos pés de rocha, cal morcegos colgados,
cara ó profundo estírana os xenios do Averno.

Polos cumes das lombas, cal touros sen barreira,
empúrranse as mareiras do azul Mediterráneo,
que na súa carreira fan rolar outras lombas,
a tombos e empurróns sen dicirlles: «Fuxide.»

Así, en ás de remuíño, do polo os mares bátense
coas cidades e serras de lazo, illas e mundos,
e acó e acolá rotos rebátense, seguidos
de bandadas de feras e naves que zozobran.

Dese mar ó bramar, no seu leito engurrado,

no máis lonxe da Atlántida responde o de Poente;
e a colosal comporta, para romper outeiros,
de cen en cen rexeita rolantes montes de auga.

Desfacéndose o muro, da base á raíz treme,
coma a faia, na selva ós golpes do machado;
cal bronco terremoto ameas arrebolan,
mentres, ó esborrallarse, os alicerces renxen.

Soterrase, e os restos, xunto ás Furias, reciben
as ondas de Levante coa forte marexada,
arreo, arreo as veigas cubrindo e as boscaxes,
coma se fosen árbores, as lombas arrancando.

Atopáronse; mestúranse unhas augas coas outras,
e con raios por tachos, as terras e os infernos
ó terremoto uníronse e á música do trono,
entre flotantes selvas en eterna lazada.

Cando Deus rompa o mundo, veranse así os cachos
pasar, entre despoxos, horror e soidade,
o sol, ás apalpadelas, buscando os seus cabelos,
e a Morte no ataúde chamando ás súas vítimas.

Mais do bruído destácase do Anxo a verba, que atiza
á súa grande vítima con máis Furias e Lóstregos;
«de Norte a Sur, treboadas, baixade e tempestade;

¡feras, aquí, collede os anacos a dentadas!».

E coa xostra flamíxera da súa espada roxiza,
sacódeos e encírraos, cada faísca un lóstrego;
e o reino que se entrega, a vila que se abrasa,
forman co mar, as nubes, o ceo e a terra un berro.

Soamente o corazón de Alcides non claudica;
nadando ás costas da onda, érguese con esforzo,
e albisca unhas Ciclópeas murallas que o atraen,
cal canto de serea que o chamase ó seu leito.

Era a túa fronte, oh Gades xentil, filla das ondas,
gaivota que nun cáliz aniñaches de lirio,
de nácar e marfil pazo que o sol coroa;
coida o heroe ó te ver, que un ceo lle ri de amores.

Mais eles, retrasándose, van tragando auga amarga;
con fortaleza rema deica o áspero muro,
e con brazo seguro agárrase a unha palma,
que lle alonga Xerión dende o torreón en ruínas.

Para acorrer primeiro a Hesperis, ó achegarse,
das amplas costas de Hércules arráncaa, e, recuando,
ó vela tan fermosa, ansioso de abrazala,
deixa esvarar a antena, que se afunde co heroe.

Para darlle na fosa do mar inmensa lousa,
fai caer un gran penedo que alí estaba moi preto,
montaña sen ribadas, que na terra estorbando,
con salpicóns e bruído na auga forma un trebón.

Vai a tombos rolando aínda polos abismos,
cando Xerión, fuxindo, a Hesperis volve os ollos,
e na ilusión, cal rosa de bosque que se murcha,
bícalle as sens que enmarcan os seus bucles dourados.

Pero abríndose o mar, de súpeto, escumea,
unha fronte xurdindo e lombo de xigante,
e cal raio fogueando, por man férrea lanzada,
a clava arrebolou para enterrar ó monstro.

Ti soa, Gades bela, te doíches: do teu peito
naceu Drago² choroso e, coa súa follaxe
de espada verde, erguiches a Xerión un dosel,
que o orballou por séculos con lágrimas de sangue.

Ela á patria revólvese dun picouto no cume,
buscándoa en van do caos de horrores no burullo;
quitoulle todo a fosa onde baixará axiña,
e os seus ollos, resecos, nin poden esbagoar.

Ó flamexar virada da Sodoma acendida,
de Loth semella a esposa feita bloque de sal;

despecha a estoutra os labios: «¡Ai! lugares da infancia,

¿non poderei xa vervos ós raios desa luz?

² «Tenía otrosí (Cádiz) un árbol llamado Gerión, por causa que, acortando algún ramo, destilaba como sangre, cierto licor tanto más rojo cuanto más cerca de la raíz cortaban el ramo. Su corteza era como de pino, los ramos encorvados hacia la tierra, las hojas largas un codo y anchas cuatro dedos; y no había más de uno de estos árboles y otro que brotó adelante cuando el primero se secó.» Mariana, Capítulo 15. San Isidro fala tamén desta árbore nas súas *ETIMOLOXIAS*. «Nascitur in ea (Cádiz) Arbor similis palmae, cujus Ngami vitrum ceranium gemmam reddit.»

»¿E o horto onde colliamos onte rosas e lirios?

¿onde estades, Hespérides, miñas llores murchadas?

Os meus brazos procuránavos con febre e delirar,

e ó meu salouco e berros non respondedes vós.

»Só responden por veces roucas voces de monstro;

aquel que vos levou ¿por que a min non me leva?

¿para el ¡ai! co zume do peito alimenteivos?

¿para el entre agonías de morte vos parín?

»¡Que gran desgracia a miña! Podou o viñateiro,

e o bou do mar recolle; para leito facerlles,

aniñaron cegoñas, e granadas brotaron;

¡eu parín para darlles o meu froito! Amado esposo,

»¿que fixeches do carro flamexante das victorias?

¿que fixeches da lira que tiña ó ceo prendado?

Cal nave que afunde, a túa gloria pasou,

se unha tumba che queda, onde está sábeo o mar.

»Dos reinos que venciches, unha rumbosa nave,
no mar que te sepulta crecida co meu choro,
das áncoras co dente arrancará a túa lousa,
e roubará un marisco o trobo do meu peito.

»Xogará coas grinaldas do noso compromiso,
que eu custodiei, a escórpora que vive entre rochedos;
e ¡horror! no noso tálamo con recendo de noivos,
tal vez fará o seu niño con rizos das filliñas.

»¿E os nosos fillos cándidos noutrora? ¡oh estimadísimo!
dos seus queimados corpos as feras fuxirán
cando os vomite o Atlántico; ¿por que, por que? ¡meu Deus!
me fixeches nacer para padecer tanto?

»As flores deches cálices para beber fragancias;
as árbores fixeches para que te servisen;
para chiar, as aves; para arrolalas, o aire;
e a min, coma o mar fondo, de amarguras enchíchesme.

»Mais polo terremoto, sinto abrírseme a testa,
os meus ollos perden vista, o meu peito o alentar,
arrástranme os xemidos dos reinos que fenecen;
coma alcipreste morro velando nesta fosa.»

Dixo; e para non ver tamaño cadro fúnebre

revólvese de costas, e polo traquetear
rolándolle o sentido, nun desvariar fantástico
alóngase esvaída pola tetra de xeonllos.

«Os meus renovos vexo caer coma unha chuvia,
no seu cráter escuro acollándoos o inferno,
como recibe a moa o trigo da moega,
onde os atiza o lóstrego de eternos anatemias.

»Miñas fillas ¿e vós? Prometinvos imperios
e cetros, e doeivos sete palmos de mar...
Vén o monstro ¡fuxamos!... A túa doce Hesperis
son, que peto na fosa. Meu Atlas ¡ai! ¿ti queresme?».

Roucos himnos mortuorios murmura lonxe a onda
con maruxías, rachas e tronos desacordes;
na laranxeira a lira, dun gromo pendurada,
saudades alenta, coma ela en ais de morte.

Pero a morte a gadaña para ela non brande;
desviándolle a mirada do espectáculo fero,
cunha punta das ás antes péchalle as pálpebras,
para que dos seus fillos non vexa a destrucción.

No rebulicio Alcides escapa entre runrúns
que foxen e retornan, esnafrado e mallado;
e sufrindo en cada illa e baixíos trompicóns,

da beira do areal musculea máis preto.

Agárdano cos Númides, Arpías e Amazonas,
feras que rexeitou de África o deserto;
¿virían para darlle noraboas, quizais,
por ter el de cadeas deixado o mar xa libre?

Tan pronto como ven que se aproxima a Hesperis,
coma langostas caen riba do grande Alcides,
detrás Anteu³ diríxeos cal cimal de serra
polas mans empurrado de lume do Simoun.

Tal por raio ferida, asómbrase toda África
cando o heroe ó seu guía titánico acomete;
a bolboreta é a última que foxe á súa vasoira,
a vasoira que de monstros o mundo deixa limpo.

Ás súas plantas tres veces dun golpe roula Anteu,
do fango sempre erguéndose con renacidos azos;
cando aquel con man férrea o colle e a enarbora
facéndolle renxer os ósos coma leña.

Tírao e recolléndoo polo pé, infernal maza,
o robusto cadáver xostrega ós seus vasalos;
cal lume que esporea as nubes, onde el pasa,
de feras, homes e árbores só quedan borranchóns.

Abondo as Amazonas lle tiran os seus dardos,
 da cansa tartaruga con conchas por escudo;
 e dos brazos e dentes as Gorgonas⁴ fan armas,
 e dos ollos, que tornan de pedra ós seus vencidos.

Mais todas se mergullan no mar alporizadas,
 coma grallas que arranca da terra o inverno cru;
 e nel, atordoadas a golpes e alirrotas,
 Arpías e Estinfálidas fuxiron para o inferno.

³ Anteu quixo baterse con Hércules; este tirouno ó chan tres veces, erguéndose o outro sempre con máis ardor ó contacto coa terra, a súa nai. Din que cando Sertorio fixo abrir o seu sepulcro, atopou uns osos descomunais.

⁴ Hesiodo sitúase no final do mundo, preto do lugar da noite.

CANTO NOVENO

A TORRE DOS TITÁNS

Medio abatidos pola marusía, os Atlantes ruben a unha serra, non conmovida aínda polas ondas. Desesperando por chegar a Gades, proban, para fuxir do diluvio, a escalar o ceo. Cando está a tres dedos a torre, feita de farallóns e pedazos de montaña, afúndeselles, e con horrible imprecación, tiran contra Deus os anacos do edificio derro-cado. O Exterminador atiza contra eles os elementos, e coa súa cortante espada acaba de abrir o abismo da Atlántida na terra. Afondan os Titáns, e do seu sepulcro brota o volcán de Tenerife. O Anxo envaíña a súa espada de lume e sobe ás nubes, despedíndose dos outros continentes ata o día do Xuízo. No alto, óese un canto de gloria ó Altísimo. O Anxo da Atlántida, ó volver ó ceo, dá ó Anxo de España, que descende, a coroa da que foi raíña dos mundos. A voz do Teide. Os terremotos das illas atlánticas.

¡Vaia! esta noite sóbravos tiburóns e carnaza,
e aínda vos pon á mesa a Atlántida os seus fillos,
que lanzan polas augas o seu berro salvaxe
aliándose a coro cos bramidos do mar.

Os Atlantes na inflada maruxía mergúllanse,
tan pronto como xorden en báquica ringleira;
adiante e de recú e ós tombos, uns agrúpanse
con outros, armas, feras, e toros nun gran rolo.

Cal do mar Vermello as ondas por muro ancoradas
encima de Moisés, ó trono ó se romper,
en confusión rolaron ó fondo escorregando,
fundindo o río de lanzas e a xente do Faraón;

así corceis e carros, coroas e béstas
rolaron con escumas e remuíños de pó;
os viventes pedían socorro, e entre ondas
respondían cetáceos: «Estamos nós aquí.»

Se, cal Tritóns de leite, da auga poden sacar
a testa, axexan choscos tentando ver ó heroe;
e cren, ó non ollalo, que debe estar no fondo,
e con tal de que morra, non senten da súa vida.

Tal fachón a cidade, flamexa que flamexa;
unha nai aparenta condenada a alumar

coa osamenta de torres, que engole o abismo,
ós fillos, que tamén botan cheirume fétido.

Á súa luz, aférranse ó espiñazo da serra,
que aínda ó gran diluvio a testa non domeou;
e a lama das súas pálpebras sacando, ó de Beocia
saltar na terra albiscan de España no xardín.

Desesperando atroces de beber o seu sangue,
cando case o sentían na gorxa, furibundos
contra da man de Deus, que o libre das súas poutas,
do corazón rebéntalles o veneno a cachón.

E agarran toros e árbores que no rochedo se astelan,
penas que se escachizaron caendo enriba deles;
e cara arriba enrestran outeiros máis e máis,
con tal escada a Deus coidando acometer.

Dun estirón arramplan edificios ciclópeos,
osames de baleas, leiras e pedregais;
onde había un monte xa escachan precipicios,
as cristas unha a unha quitándolle e as rochas.

Se no refluxo ensina a cabeleira un bosque,
engarfándoo arráncanlla, e, colgado tal acio,
cos seus corgos polo aire, ríos, covas e feras,
mándano ó cimo para sentalo enriba doutros.

Trócanse nunha serra os Pireneos e o Atlas,
ás costas un do outro, outeiro sobre outeiro;
e Ávila e Calpe, lascas da Atlántida en desfeita,
de cacho en cacho, entérranse aínda en confusión.

Eles, riba uns dos outros, polas costas rubindo,
olmedas, lombas, nubes deica arriba escalando,
e á cúpula estrelada dos astros achegándose,
para suxeitarse erguen os seus brazos de xigante.

Ira de Deus ¿que dormes? ¡Non! que á túa treboada,
a súa carga, a torre de raíces férreas, tira,
como sacode a súa de froitos e follaxe
a aciñeira que a fáiça do ceo carbonizou.

Sotérrase o castelo do alto cume que alzarán
cos bloques, en terrible ferverza a mergullóns;
do alto do ceo á terra, da terra ó mar caeron,
de montaña en montaña rolando deica o fondo.

Ó se precipitaren cara ó pozo do abismo,
as fronteas afundíanselles feridos polos raios,
e, a xeito de anoadas serpes, entrelazándose,
crávanse venenosos dentes e uñosos dedos.

Ata a alma, nas súas iras, hobéranse arrancado,

uns cos outros fendéndose as fronteas a patadas,
de non ser que, antes de hora morrendo, apagarían
a treboada que sobe do seu sepulcro a Deus.

E satánicos berrán: «¿Onde está? ¿Escondeuse?
Non ten morte que mata, nin onde sepultarnos;
se do raio se fía, queimador, non o traia,
que imos arrancarllo ¡mal haxa! das súas mans.»

Deus escoita e detén o lume que do cimo
cae para trocalos en cinzas infernais,
mentres que, por sacrílego odio reanimados,
ó mar armas lle piden de morte contra o Eterno.

Coma toupas furgando rexorden do fondón,
e apilan os cadáveres dos montóns de anegados,
e, atándoos con corras de vimbio e cambroeira,
ós vivos fan de ponte os arqueados defuntos.

Os boababs¹ que encontran, ó tomar eles terra,
con furia ó ceo voan con ás marxadas, nas cales,
coma fortes xigantes de anteriores centurias,
recordaban ás serras os principios do mundo.

¹ Co nome vulgar de boabab coñécense os colosos da vexetación, que os botánicos chaman *Adanzonia digitata*. Os negros teñen grandísima veneración por tales árbores, no tronco das cales, que chega a medir un grosor tal que quince homes cos brazos estendidos non poderían abranguer, dan sepultura ós músicos e poetas, crendo que, tendo comunicación cos xenios, non deben ser enterrados. Ata a idade de oitocentos anos, os boababs non paran de medrar. Das cavidades que

naturalmente o tempo practica no seu tronco, hainas que poderían acubillar ata duascentas corenta persoas.

Algunha das súas donas que vai detrás co neno,
«¿Que facedes?», bérralles, « ¿que estades a facer?».
Polo cabelo engárfana, verdes pola inquedaanza,
e ó ceo tirándoa «Voa», dinlle, «se ti es Deus.»

Barracas, naves, cachos de torre arrebolaron,
que na terra son montes, ó caer no mar illotes;
abeiros nos que as focas un día se acolleron,
cumes onde colgaban os aguiachos o seu niño.

Serras do reino fitos, farallóns e cantís,
cruzando polos aires trocan a serra en lamas;
voando, voando empurran zócalos ós ciborios,
e dos virados covos a auga cae nos cumes.

E os cumes das montañas topando coas raíces ²,
e estas cos roxos astros, no profundo do ceo,
volven caer en chuvia de crepitantes masas,
e parece esmiuzarse desfiañado o mundo.

Mentres, o remuíño, montando en ás das furias,
enreda coas terras que lle quitou o mar,
e ouvean, coma lobos no fondo das boscaxes,
ó non encontrar o año, do que sentían cheiro.

Atizándolles o Anxo dilles: «Desenraizádea:
 astelade o seu toro, as súas ramas queimade;
 abrasádea cal herbas maldicidas do Altísimo,
 e as cinzas aventade que o lóstrego deixou.»

² Hesiodo, con valentes versos, describe esta formidable agresión dos Titáns, ata que feridos polo lóstrego, son lanzados ó inferno nun lugar pestilente, situado nos derradeiros límites da terra, onde non hai saída, pois Neptuno rodeouno con grande muro pechado con portas de bronce.

Oen, e o mar as ondas, os seus lumes para o ceo:
 súa sangue a montaña coma un acio prensado;
 debate cos seus gonzos férreos a natureza
 para esconderse trémula dentro do roto abismo.

Tal río que do Empíreo baixara polas brétemas,
 cae unha espada orlada de raios; e alto outeiro,
 que non fará mover o ceo se se esbarroa,
 polo vento axudado, polas augas e o lume,

debrócase, coa carga, coma un berce de canas,
 e, ó se escachar celoso para si bisbando,
 un negro alxibe a terra nas entrañas lles mostra,
 que ata á máis fonda escacha e rompe a pedazos.

Aterrados recúan; mais oíndo xa enriba
 o Arcanxo descargar o alento tormentoso,
 afrebolando esnáfranse cando máis abre a gorxa
 gozoso o abismo, ó verse, dunha fornada cheo.

Cidade, Atlantes, riscos a Atlántida dun golo
traga, lodo e espuma, baleas e paxaros,
e, en remuíño terrible infernal, os torrentes,
de carrascais e pobos, vaixeis e cachizada.

Retrocede encorada a crúa tempestade,
e o aire co que loitaba pola auga ás vorcalladas;
se o monstro volve abrir a boca, seca o mar,
e astros só quedarán para darlle a codelos.

Envaíña a arma e troca o pozo nun Vesuvio
que a cada intre flamexa e ouvea a máis ruxir,
de onde sobe a columna dun diluvio de lume
que os cascallos e as augas non poden refrear.

¡Gran castigo! coas súas ferramentas roxizas,
leña do Teide, soben os Atlantes roulando,
que atrapa o amplo cráter, entre ríos de lava,
para logo lanzalos de lume en grandes rolos.

Tremen reinos veciños; con ligames de mármore
unidos á que afonda ben teñen que tremar;
Albión, España, Libia, cal polas coa súa árbore,
a pedazos, nun intre, afúndense no mar.

¿Quen romper pode os brazos que ó seu colo se aferran

ó oír; «non me deixedes, irmás do meu amor»?
¡Poder divino! afúndense rotos de serra en serra,
e de auga un fervor resta, que mingua, mingua... e morre.

Entón o Xenio envaíña a espada abismadora.
Como deu tan terrible golpe non sei contar;
podería dicilo a súa voz de trono
que non oirá máis nunca o mundo ata morrer.

Vede como foi África de Europa xebrada;
un mar maior sepulta entre elas outros mares,
e esganifada a terra, en dúas medio rota,
polos volcáns desfoga o ardente corazón.

Coma o hortelán ve a auga polo rego que abriu,
e descansa no mango da aixada debuzado;
así espera que afonde, o Anxo, o máis alto monte,
e, estribo de ouro a lúa dándolle, sobe ó ceo.

De alí con pena vira lostregador para os outros
continentes «Abur», berrando, «cando volva,
será o mar que vos cobre de flamas para vós;
¡temede a Deus, que o día dos grandes xuízos vén!».

En tanto o Empíreo canta os seus himnos victoriosos,
no acorde é arrolado o mundo pendurado.
¿Quen chega a ti? a Atlántida, gran Deus, sobe ata a gloria

por banzos de montes; tronades, ¡e acabouse!

Anaco de ceo, ó crialá, na terra ti puxéchela,
para que os vosos fins tivesen cumprimento;
os seus fillos ingratos declaráronche a guerra,
e a eles coas súas armas lanzáchelos ó abismo.

Tan só para facer renacer os xardíns
amados das Hespérides, deixastes a semente;
unha onda borra a outra, revira o mundo
ó mundo, só, astro doutra esfera, a vosa luz non morre.

Serea que, entre as ondas xurdindo con prestancia,
agatuña a un rochedo a chiar os seus amores,
e co canto que os aires enmela, sente como,
cos seus salgados labios, lle bica os pés o mar.

España, polos anxos chamada, palpebrexa
e ve que se ata un pélagos ignorado ó seu corpo.
¿Quen releva no ceo a estrela caída? -di ela-
e, estreitándoa nos brazos, «Ti», xoioso respóndelle:

Mais a alba xa, a cheas, sementando os seus lirios,
coma tenra nai, leva do brazo ó sol nacente,
e ó seu bico, encendidas e enxoiadas do Iris,
polos aires recreáanse de Occidente as nubes.

Entre elas, moi fermoso, tropezan dous Anxos;
sobe un, choroso, o outro descende moi riseiro.
«¡Ai dor! ¡eu era o Anxo dos reinos que se anegan!»
«Eu sono», o outro responde, «do que das ruínas nace.»

«¿Non morre para sempre? Fénix, ¿revive en lava?
En Oriente rexorde o astro que aquí se pon.
Toma a coroa de ouro fino que me subía:
cando sexa a raíña do orbe, ponlla na fronte.»

Dalla, e o voo reemprende, sacudindo o po
das súas ás de neve, namentres que o outro baixa
á Hesperia que, riseira, érguese satisfeita
do respaldo de serras do Pireneo en flor.

Mais ¿onde está o Elíseo³ occidental? ¿de Hesperis
o leito onde naceron Hespérides e Atlantes?
¿a terra que cos brazos ataba os hemisferios?
Todo foi devorado e pasto dos abismos.

No mundo, dos traidores, nin pegada quedou;
o Eterno co seu dedo, borrou tal multitude;
e os lóstregos e tronos das súas tempestades
pasaron, coma as augas dun río escorredoiro.

Ata a memoria os séculos da fosa esquecerían
a non ser polo Teide que aínda lle fala ó mar

da noite que fixeron a gran desfeita xuntos;
e este brama e escoita cal se tornar quixese.

¿Non oíches nas nubes rolar o seu cantar,
coma por precipicios a penedos o trono,
cando, con peito ardente, ese Xenio do Atlántico
ós novos mundos conta daquel a destrucción?

Cáelle no dorso a inmensa cabeleira de lava;
coas boqueadas de flamas enche os ceos por completo;
coma naves con el acanéanse as illas
e tralo seu cimal escóndense as estrelas.

Entón, din que ó lanzar, tal glandes un carballo,
rochas en brasa, entre elas, feitos tizóns de inferno,
titáns soben e baixan, e, caldeira a cocer,
mostrándoos, engóleos de novo ós tumballóns.

³ Homero situaba esta mansión da felicidade nos límites do solpor da terra, máis acó do gran mar que a rodea.

E, anoxados, ás veces aquelas osamentas
que do atlántico monstro chimpou o abismo farto,
en terremoto irrompan a tombos e empuxóns,
mentres roen o dardo que lles cravou o Eterno.

As Canarias, Madeira e as Azores conmóvense,

non podendo os titánicos esforzos resistir;
 ó tempo, coma tronos, óense ais soterraños,
 e de ciclópea fragua fulgurante respiro.

Logo aparece o horrible volcán, fogueira de ósos,⁴
 de carros e armaduras, polo enterrador feita
 enriba de cavorcos e montes, escaleira
 por onde ó ceo subían de Lucifer os fillos.

⁴ Conta Herrera nas DÉCADAS que nos seus tempos perduraba a membranza dunha raza de xigantes, exterminados polo ceo, debido á súa impiedade, no mesmo lugar que conserva o Nome de Pueblo Quemado; a unha catástrofe semellante faise referencia na antiga historia das illas Canarias, asegurando que no cume do Teide atopáronse ósos colosais, que se suponen despoixos de homes que en séculos remotos se rebelaron contra Deus.

CANTO DÉCIMO

A NOVA HESPERIA

Digresión: o sabio relixioso volve os ollos á súa patria. Soño de Hesperis. Coñece a pola da laranxeira plantada por Hércules. Estraña a terra afundida. O horto das laranxas de ouro renace en España. As sete Hespérides trocadas en estrelas. O canto do cisne. Hesper. Os fillos de Hércules e de Hesperis. A raíña destronada. Galicia e a Torre de Hércules da Coruña. Elcano. Lusitania. Sagunto. Balada de Mallorca. Fundación de Barcelona. A voz de Táber. Hispalis. O Deus descoñecido e o seu templo en Gades. Hércules pon por fitos da terra as columnas do Non Plus Ultra.

Tal viaxeiro no cume dunha costa
 onde albisca o terrón que tanto ansía,
 aquel vello suspira de dozor;
 e véndoo verdear fermoso e belo

pasea os ollos, namorado del,
sentindo que lle voa o corazón.

Colón axexa o Atlántico sen fin
coma se oíse algunha voz que o chama;
cal se entre xenios, monstros e xigantes
mesturados con fantasmas vagorosos,
ollara dunha virxe os ollos verdes,
verdosos coma as ondas e amargantes.

Pero distráeo a forte voz do sabio,
que o seu espírito transporta a España;
déixaos voar ¡oh patria! no teu ceo;
móstralles as ribeiras e bisbarras,
onde se ve a man de quen te fixo,
coma a da abella nun panal de mel.

De tan pesada carga a terra alixeirada,
para espertar a Hesperis vén o rei dos heroes,
que, a carón do rochedo de Gades ensumida,
soña aínda estreitar as fillas que non ten.

E, despois, no aire velas cantareiras subir,
coma brancas torcazas que deixan o seu niño;
e ó facerse invisible polo ceo a bandada,
volvérselle, e que voe acenarlle riseiras.

«Xa veño», di, e esperta nos brazos dun esposo;
coñece o gromo tenro onde a lira colgara;
e, ó velo testemuño das maternais apertas,
dos soños infantís e diversións, suspira.

«¡Oh, cimal», dille, «da árbore que me viches nacer!
Do teu refuxio ¡oh! dame pracer ata que morra;
eu fareite medrar coas bágoas dos meus ollos,
e escoitarás, amante, o meu derradeiro suspiro.

«Mentres me deito baixo a verde cabeleira,
con renacidas follas o meu corazón abriga,
que eu, gallo transplantado a forasteira praia,
non sei ¡ai de min! cal ti refrorecer.»

Medra a árbore; e ós poucos, das súas polas tenras,
a pinguiñas caía a pura e branca flor;
no verde amarelaron os ramos de laranxas,
coma en ceo de esmeraldas chuvia de estrelas de ouro.

E pronto o seu renovo adornaba, en boscaxes,
en verde e mesto manto de flores para España,
e coas súas cantigas, paxaros e perfumes,
xorde, sen as Hespérides, o seu horto malogrado.

Abondo que o din elas, penduradas no Empíreo,
cada gromo ó trocarse nun maio a florear;

saíron a brillar do ceo para velo,
e xuntas aínda choran con fermosa raiola.

As fillas que de Alcides tivo na Hesperia alegre,
xentís coma ela foran, de tenro corazón;
ollos coma os seus tiñan e cabeleira negra,
o moreno de virxe que de amor fai penar.

Mais ela sempre torna os ollos con saudade
cara a onde, tal outra Eva, deixou o seu Paraíso;
e, descolgando a lira de tristeira lembranza,
fai, cisne doutras augas, o derradeiro canto:

«Terra feliz do Betis, ¡ben es fermosa e bela!
mais ¡ai! a dos meus pais xamais esqueceréi;
quero dicirlle ós tibios Lleveins que dela veñen,
se nun prego das ás me queren retornar.

»¡Que belas sodes, fillas! mais ó vervos sorrir,
boto de falta o riso de aqueloutras Hespérides
e aquí, xunto ó seu náufrago barrelo condenada,
sinto que o corazón en bágoas se desfai.

»Son a herba paisaxística arrincada do testo,
teño marxes e sombra, céfiro, sol, abrochos;
mais, sen un bico do aire doce que me arrolou
¿que poderei, dicídeme, facer senón morrer?.»

Morreu; e, dos despozos a súa alma salvada,
 cara ó grupo das fillas, as Pléiades, voou
 deica os dourados pórticos alfombrados da aurora,
 dende onde, condoídas, alongáronlle a man.

As outras saloucando olían a branca pomba,
 tan cedo arriba, arriba, subídes ó ceo;
 despois, ó disiparse de bagullas a brétema
 que a rodea, unha estrela viron palpebrear.

É Hesper¹, que abrir adoita as pálpebras á Aurora
 antes de pechar as súas o seu ollo cegado;
 e, ó atardecer, sementa miríadas de estrelas
 o ceo, seguindo o rastro do transmontano sol.

Porque dá a hora, ó pórse, dos soños e amoriños
 no arxentino hemisferio, cadrante do Creador,
 e é de mirar docísimo, doáronlle os poetas
 o acaído nome de Venus, do amor deusa.

¹ Na provincia de Cádiz, preto do Guadalete, está a vila de Espera, que ten por armas un castelo cunha estrela coroada por unha lenda sinxela: «Soy Espera, tan antigua como cualquiera». Non moi lonxe de Sanlúcar de Barrameda houbo un templo dedicado á ESTRELLA DEL ALBA.

Dun anxo o ollo sereno coidan que é os pastores,
 e os brillantes que orballan as súas sens na mañá
 din que son, ¡oh Hesperis! as bágoas que ti choras,

os teus ollos despedíndose do xardín español.

Ós seus fillos e estirpe deixounos lira doce;
debeu poñerlle o grego vibrantes cordas de ouro,
pois cando canta as guerras e cando amor suspira,
desvela aínda os soños e tempestades da alma.

Fonte do ceo que xurras harmonías na terra,
segue ¡oh lira! vertendo os teus himnos matinais;
espálloos tal niñada de paxaros arreo,
e á miña patria cántalle os seus anais nunca escritos.

Como tira o caxigo ó xa vello carballo,
ó domador de monstros os seus fillos semellan;
seica a terra os seus netos farán conmocionar,
coma góndola ó pórllle o timoeiro os pés.

Dicíalles un día (aínda eran nenos tenros)
que, ó saltar da valgada de Montjuich ó mar,
xurara unha cidade facer de grande sona:
«¡lmos todos», responden, «¡mosvos a axudar!».

E veñen todos xuntos, acompañando a Alcides,
que se abre paso entre árbores e rochas coma un río;
cando nun mar de bágoas, cansada e con desmaio,
xentil moza lles di: «Oíde a miña amargura:

»Nativa son das marxes que ó ensancharse estraña
o Miño; foi o trono dos avós o meu berce;
o meu tálamo aurífero e o sepulcro sería,
de non ser uns caldeos, do sol adoradores.

»Do seu ídolo guiados querían, atrás del,
deica Occidente, a terra ata a fin rodear;
topando en Finisterre coa barreira mariña
ó sol érguenlle unha ara e bótanme de ali...»

De bágoas un cachón os seus labios enmudece,
mais consólaa Galacte, por Luso acompañado:
«Volverémosche o trono, xúroo, dos teus avós,
ou ser fillo de Alcides non merezo.» Con triste

e docísima aperta despídese do pai
e coa chorosa estrela, que o guía a un ceo de amor,
voa ata Finisterre², cal trecha disparada
a atravesar o peito do rei dos de Caldea.

Cal árbore xa podre, cun golpe derrúbao
e ergue ata as nubes de Hércules encima del a torre,
onde un faro releva de noite o astro do día,
vixiando terra e mar coma un ollo de Deus.

Alí os dous adornaron, ó bruar de ondas amigas,
o seu niño, onde viviron tal parella de pombos.

Galicia, e a máis forte das súas vilas antigas,
cos seus agros e ovellas herdaron os seus nomes.

O mar onde se espella Coruña, bela e indómita,
verá nacer a Elcano ³, que levará a boa fin
a empresa de seguir o sol na súa carreira,
e halle dicir a terra: «primeiro que me rodeaches».

² Dun artigo sobre as antigas tradicións de Galicia, publicado hai algúns anos no MUSEO UNIVERSAL por D. Ricart Puente, copiamos o seguinte, referido a esta lenda, verdadeiramente marabillosa:

«Os antigos, que adoraban o sol, determinaron seguilo dende Levante ata Poente. Camiñaron dende as máis afastadas montañas de Caldea, e chegaron a estas costas, que foron para eles a fin da terra. Alí virón que non podían pasar máis adiante tras do ídolo estimado, que se agachaba nas augas do Océano, e erguéronlle unha ara, que foi chamada ARA SOLIS.

»A torre de Hércules, da Coruña, era un monumento que lembraba ó mesmo tempo a historia dunha conquista e duns amores.

»Galacte, fillo de Hércules, fíxoa construír tan pronto como se adonou daquel territorio... Galicia tomou o nome do seu novo rei Galacte, e Coruña dunha doncela da que se namorara o xove conquistador.»

³ Carlos I concedeulle, como premio pola súa atrevida e gloriosa viaxe, o uso de cuarteis alusivos a esta no seu escudo de armas, poñéndolle por cimeira un globo con estas palabras: *PRIMUS ME CIRCUMDEDISTI*.

E Luso ¿onde el vai? O Guadiana e o Douro
vírono con guerreiros e con homes do mar;
non se di se atopou un trono ou unha fosa,
fálase da recen nacida Lusitania.

Dianteiro do seu grupo minguado, vai o grego
ás serras de Granada. Xigantesco coma elas;
e, por corgas e cuncas, cara a Levante segue

ata o mar ó que as portas de Xibraltar abriera.

Xunto a Palencia, baixo o parasol dunha árbore,
un deles esmorece, e eren que está a durmir;
cando o van espertar coma o mármore encóntrano,
vendo do seu sobaco fuxir unha serpente.

Na prácida frescura, que Zacinto ⁴ humidece
co seu sangue de mártir, brotará un palmeiral,
palmeiral de Sagunto, folla que non se murcha,
do cal á sombra á España lle praxe esbagoar.

Tamén o pai choraba tal cepa á que lle corta
a curva podadora o seu primeiro gromo;
ó destrenzarse o sol, vén a distraelo un canto
que no interior das augas responde ó seu salouco.

Se cantaban sereas, sábelo ti, Mallorca,
se era canto de leda serea ou era o teu;
vir veu daquelas praias nas que teces os teus soños
bicada polas ondas, tal filla do seu peito.

⁴ Vede como explica esta pasaxe o sinxelísimo Beuter:

«Viniendo Hércules a Sagunto ó Morviedro, quiso ver aquella población. Zacinto, caballero principal que lo seguía... poniéndose a dormir a la sombra de un árbol, en la siesta, fue mordido de una culebra y murió. Hizo Hércules tanto dolor, que enterrándole a la punta del norte, do está Sagunto, sobre una torre alta por memoria, que se llama hoy torre de Hércules y tiene unas tablas de enebro. Queda hoy en un camino que va de Morviedro a Almenaram entre la marina y el camino real, una piedra muy grande, casi enterrada, y diz tiene la figura de culebra, y se dice camino de la culebra.»

BALADA A MALLORCA

Á beira do mar onde está a vixiar
Montgó, os pés na auga, nas nubes a fronte,
enchía unha virxe unha ola de
 arxila, na fonte mirándose.

O seu pé de concha esvara no musgo
e a ola a pedazos afonda rolando;
tal pranto facía que o mar, que era doce,
 tornábase amargo.

Pois a auga empozada cristal era e perlas,
cal poucas acadan recendosos lirios,
¡canto ela suspira cando ve os anacos
 da oliña dourada!

Doíase o mar: cólleos na súa falda,
e o Maio pídelles plantel de roseiras;
Valencia, ós teus hortos verdor de esmeraldas,
 dosel ó teu ceo.

Por berce a vieira de Venus lles dá,
que tarde e mañá Céfiro acanea,
es os testos, que unha alba de rosas coroa,
 xa son un xardín.

Con flores de Arabia a enrama e perfúmaa;
con palmas de África, de Europa con aves,
aleda as ribeiras, que acadan de escuma
 máis amplos contornos.

Tres eran os testos, tres foron as illas;
e, ó velas agora queridas do sol,
nos brazos acólleas a terra por fillas,
 e quéreas o mar.

Atraído polo canto, xunto ó Turia, Baleu⁵
rema cara a Mallorca, a terra de fondeiros.
Vén a calamidade despois da cantarela,
doutro fillo de Alcides que chora adverso fado.

Mais pulsa na súa barca, as cordas dunha lira,
e as fondas e os pedrouzos esváranlles das mans;
e, ofrecéndolle brazos de ferro por cadeira,
xunto a un "claper" o levan, sepulcro de xigantes.

Coma sombras soberbias, a recibilo prestas,
torrean doce⁶ pedras nun palmeiral florido,
ó redor da ara inmensa do santuario alzadas;
soldados penedíos rodeando o seu guieiro.

Con flores e con follas de aciñeira coróano,

tecendo danzas místicas doncelas e rapaces,
mentres eles un cántico enloan de benvida,
facéndolle o presente dun cetro de marfil.

⁵ A Baleu atribúe Tito Livio, aínda que impropriamente, o nome de Baleares que deron os gregos ás illas de Mallorca.

⁶ «Unicamente en la menor de las islas, los altares han podico atravesar los siglos y si los *dolmen* de aquellas regiones extranjerias (Armórica e Inglaterra) se componen de una piedra plana sobre tres ó cuatro verticales clavadas en el suelo, a los de Menorca, más osados, bástaes una roca levantada a manera de pedestal ó columna, y otra atravesada con admirable firmeza y equilibrio, y tres solos, entre su gran número, admiten doble ó triple apoyo. Variados en sus dimensiones, en lo cual también se asemejan a los armoricanos y británicos, unos alcanzan a cinco o seis palmos en su pedestal y en la longitud de la piedra atravesada; otros sobre una roca vertical de quince palmos de altura, doce ó trece de ancho y dos de grueso, sostienen una mesa larga de diez, ancha de siete u ocho y gruesa de tres ó cuatro, mientras alguno descuella sobre los demás su pedestal de veinte y un palmos de elevación, doce de anchura y dos y medio de espesor, coronado de una peña larga de diez y ocho. En torno de muchos, y con mayor ó menor diámetro gira un círculo trazado con grandes piedras.» Piferrer, *RECUERDOS Y BELLEZAS DE ESPAÑA*.

No mesmo volume de Mallorca pódese ver a descripción dos *clapers* dos xigantes, extensa en demasía para transcribirla aquí.

Sardus ⁷, que con el viña remando dende a praia,
cara ó nacente vira a proa escumexante;
Sardeña ⁸, as túas montañas forte de prata e de ouro,
o seu nome escrito en letras de "murhags" gardarán.

Segue camiño Alcides; e dando a Barcelona
do mar o cetro, séntaa nos brazos de Montjuich,
que sempre en vela, mentres ela na auga se mira,
con cen tronantes bocas esquiva ó inimigo.

O monte mesmo dálle penas para a muralla,
que en sillares enormes fenden con maza e cuñas;

os mesmos levadeiros baixan tamén arreo
 estragando choupeiras a tumballóns e tilos.

Para coroar tal obra ciclópea de xigante
 na mesma Barcelona planta un verxel feliz,
 nuns piares, do Táber no cimo, onde a ruina
 na fronte leva escrita o nome Paraíso⁹.

Din que alá, un serán de vento e tempestade,
 oíu a voz que en Calpe encheuno de terror,
 mais xa non coma o carro do trono, a resoar,
 senón baixiña e doce cal suspiro amoroso.

⁷ Respecto a este personaxe di Solin, cap. 10, o seguinte: «Sardus, fillo de Hercules, e Norax, fillo de Mercurio, saíran un de Libia, o outro de Tartessus, vila de España, e chegaron ata alí. Sardus deulle nome a toda a illa e Norax a vila de Nora.» San Isidoro, Origin.L. 14,c.6, conta que Sardus, fillo de Hercules, partiu de Libia con varias naves, ocupou a illa de Sardeña e deulle o seu nome.

⁸ Da riqueza de Sardeña é testemuño este verso dun antigo poeta: *India ebore, argento Sardinia e Atica melle*.

⁹ A propósito disto, di Carbonell no fol. 4 da súa obra: «Outros cren que sería un fermoso horto ou verxel construído sobre columnas ricas no alto da cidade, e por iso tomou o nome de paraíso, pola amenidade e gloria do verxel e o gran mirador, regando o dito verxel unha gran conduction de auga, a cal, sobre arcos, viña do no Betulo, que se chama Besós. Os restos e os fundamentos atópanse en moitos lugares.»

«Eu levábate» dille, «do brazo coma un neno,
 para despedazar a occidental Babel;
 eu son quen coa faísca do lóstrego a acendín
 ó alzarse contra o ceo, coas nubes por escada.

»Eu son quen coas marismas anivelaba os cumes,

quen dos teus pés, axóuxeres fixo ós Titáns e monstros,
 quen fai montes e bórraos; o que en ti foi a clava,
 tal eras ti: a clava férrea das miñas mans.»

O heroe oe, e dos dedos a arma ve esvarar;
 sen forza, renxer sente os osos e xeárselle;
 vella árbore que tira a cortiza e as polas
 ó bico do mesmo aire co que antes florecía.

Das súas xigantes xestas rota a cadea, aquel
 para quen fora a terra seara de colleitas,
 de canto tiña fíxolle grata ofrenda e xurou
 que o Deus do vello Túbal sería o dos seus netos.

Foino; preto de Gades¹⁰ erguéronlle un gran templo,
 entre as ruínas do cal o Atlántico deitouse,
 e alí, con clava e cinzas, o seu exemplo tiñan
 debaixo da ara santa do Deus descoñecido.

¹⁰ «Era de arquitectura fenicia a fábrica do templo gaditano; de setecienlos pies de longiud: el techo sin bóvedas: de vigas tan fuertes sus enmaderados que hasta el siglo de Aníbal existieron sin necesidad de ser tocados para la firmeza del edificio; aspiraban a la incorruptibilidad, según cantó Silio Itálico.

»En el frontispicio se ostentaban relevados los doce trabajos de Hércules. La divinidad del templo era invisible: ninguna imagen daba a conocer dentro de su recinto la figura del Dios a quien se tributaban cultos. Los sacrificios de sangre humana jamás se admitieron en el templo: un fuego nunca extinto por la incesante vigilancia del sacerdocio ardía en sus aras.

»El vestido de los sacerdotes era de lienzo blanco con toca de igual color y materia. La ropa que usaban éstos para las ceremonias del sacrificio era blanca también; pero bordada de flores carmesíes. Cuando los sacerdotes ofrecían incienso al numen, iban sin ceñidor en la túnica,

desnudos los pies, recogido el cabelo. Permanecían en el estado de castidad los sacerdotes de Hércules, y así era vedado a las mujeres entrar en el templo.» Castro, HISTORIA DE CÁDIZ.

Esperando o retábulo, imaxes non amosa;
 ás raiolas sagradas da llama que non morre,
 os traballos se len do heroe, na ramallada
 cargada de esmeraldas dunha oliveira de ouro.

Cando a Oliva do ceo no Calvario floreaba,
 de xeonllos o templo caeu ante o seu Deus,
 que por altar quería a terra, e por sagrario,
 ditosa patria miña, ese teu corazón.

Arrancaranche as serras antes que a Deus ¡oh España!
 pois raíces ten tan fondas coma elas neste mundo;
 poden secar os teus ríos, vir ó mar as túas terras,
 nunca cerrarse o ollo do sol que non se pon.

Mais Hércules ás praias tornándose do Betis,
 deulle a Hispalis antiga fundamento riquísimo,
 loureiros e rosais por mainas cortinaxes,
 e ondas onde se miran as torres de ouro e prata,

Alí ós seus fillos, prenda dun celestial futuro,
 o duro ensino dalles das armas de combate,
 coma a aguia ensina ás fillas, cara ó sol que ela adora,
 a bater a á férrea que a tempestade move.

Coa arte humilde de Ceres a astronomía excelsa
 renace, gromos da árbore tallada en Occidente;
 e relevando a Atlas, sustentou por un día
 con dorso de montaña do firmamento o peso.

E ó sentir que zugaba a terra xa os seus ósos,
 de montes e rochedos dúas columnas ergueu;
 e coa clava que ó mar lle deu malvados reinos
 desfeitos en pedazos, escribe: *NON PLUS ULTRA*.

Calmet e o P. Alexandre, falan daquel famoso templo, din que se observaban infinitos vestixios da relixión hebrea, e ven gran semellanza entre moitos dos seus ritos e cerimoniais cos que cita Moisés nos sagrados libros O Éxodo, Levítico e Deuteronomio. A oliveira de ouro que había alí, din que sería un presente do rei Pigmalión, cuñado de Siqueu, pontífice do mesmo templo.

Para reafirmar e aclarar a nosa idea respecto do Deus que adorarían os primeiros españois, transcribimos as seguintes liñas da obra de Carrasco sobre a mitoloxía universal:

«Con razón se debe decir que los primeros españoles tuvieron su culto originario ó indígena, distinto del importado por los Celtas, Tirios ó Fenicios, Cartagineses. Griegos y Romanos. Eforo, hablando de España, dice que en su tiempo (338 años antes de Jesucristo) no había todavía templos de dioses en Turdetania, Andalucía; y que en vez de éstos se hallaban piedras amontonadas de tres en tres, ó de cuatro en cuatro, y que no hacían sacrificios, tradición general que estaba admitida entre los Españoles. Según Estrabón, los Celtíberos y los que habitaban los países comarcanos al Norte, adoraban un Dios sin nombre. San Agustín dice que los Españoles, por sus sabios y filósofos, adoraron un solo Dios, autor de lo criado... incorpóreo... incorruptible, nuestro principio y nuestro bien. Dupleix se expresa así..."es una cosa admirable que estando todas las otras naciones del mundo sumergidas en la idolatría y en el culto de diversas divinidades distintas con nombres diferentes, los Celtíberos adorasen a un Dios sin nombre, ellos se conformaban en esto con los principios de la verdadera teología, la cual confiesa al Dios verdadero, inefable, y cree que ninguno es capaz de nombrarle ni dignamente ni con propiedad..." Los padres Mohedanós, con referencia a San Epifanio, opinan porque el barbarismo, que este santo entiende hasta el tiempo de Noé, duró en algunas naciones hasta la introducción de la idolatría: citan a Banier, que dice que algunos autores dividen las religiones de los primeros tiempos en Sabismo y Helenismo, las primera que fué la religión de los antiguos gentiles: la segunda de los Griegos: y hablando de España dicen..."La religión de los Españoles debió padecer también un daño considerable con la venida de los Fenicios. El conocimiento y culto de la divinidad era, sin duda, entre ellos, muy imperfecto y confuso. Verosíblemente reinaba la secta que San Epifanio llama barbarismo ó el Sabismo, que, según otros, era la más antigua y común entre los pueblos primitivos. Aunque no concedamos lo que pretenden

algunos de nuestros modernos, que los antiguos Españoles conservaron la tradición y culto primitivo del Dios verdadero, ni extendamos a estos tiempos lo que dice San Agustín, que algunos filósofos españoles conocían a un solo Dios; sin embargo, es preciso confesar que apenas nos quedan vestigios de la idolatría de España antes de la vanidad de los Fenicios. Su culto y religión, si alguna tenían, no era tan abominable y supersticiosa como la de los pueblos de Oriente. No contentos con la idea interior de la divinidad, la procurarían hacer sensible con símbolos materiales que la representasen. Convirtieron después estos símbolos ó imágenes en objetos absolutos del culto y adoración. Reconocieron por divinidades al Cielo, el Sol, la Luna y los demás astros; ésta parece la primera y más natural fuente de la idolatría. También el amor de los padres a sus hijos, la veneración de éstos a sus antepasados, la habilidad de los artífices para hacer imágenes primorosas, fué causa que las estatuas de los heroes, y los retratos de familia se convirtieran en otros tantos dioses; hasta que, en fin, una errada filosofía y una política artificiosa multiplicó sin número las divinidades. Su misma barbarie las preservó largo tiempo de esta desgracia. Su religión, a la verdad, era falsa, diminuta y más grosera que en los pueblos civilizados, pero al mismo tiempo más sencilla, menos absurda y no tan supersticiosa. Tal sería el estado de los Españoles antes de la venida de los Fenicios..." Masdeu dice que se debe convenir que la religión revelada se introdujo en España juntamente con los primeros habitantes, y que se mantuvo constantemente por medio de la tradición, hasta que los Fenicios llevaron la muchedumbre de sus deidades. Según Erro, los Españoles, por el rito simplicísimo de aquellos tiempos, no conocían templos ni altares: unas piedras amontonadas eran las únicas aras que usaban y en que ofrecían al Señor las primicias de sus frutos: todo el mundo era para ellos templo de Dios: añade que los primeros templos que vieron en España fueron los de las colonias fenicias, que trajeron con sus costumbres la horrenda multitud de sus ridículos dioses, que no llegó sino con mucha dificultad a introducirse en algunas partes de la Celtiberia, y jamás en otras muchas, ni en las provincias septentrionales, donde conservaron pura laprimtiva religión, hasta la anunciación del Evangelio.»

CONCLUSIÓN

Perante as palabras do solitario, sente o xenovés nacer un novo mundo na súa fantasía. O bo ancián dalle ás coas súas convincentes razóns. Ofrecementos de Colón a Xénova, Venecia e Portugal. O soño de Isabel. Co valor das xoias da Raíña, el merca naves. O vello, dende o promontorio, óllao voar á meirande das empresas, e extasíase diante da futura grandeza da patria.

COLÓN

Remata o vello de contar a historia,

e, coma se durmise un doce soño,
o inspirado mariño non responde;
é que, envolto coa néboa do misterio,
con estrelas e luz doutro hemisferio,
dentro do seu pensar roulaba un mundo.

Detrás daquela Atlántida afundida,
ollou a virxe do seu corazón,
cal cidade xentil, no máis alá;
cal detrás deste ceo, outros fermosos;
cal, detrás destes astros luminosos,
o sagrario dourado do Increado.

Cara ó sol, que se pon entre purpúrea
néboa, coma fuxindo da súa ollada,
semella sorprendido no seu vieiro,
e bérralle, facendo ás dos seus brazos;
«Espérame, seguíndoche os teus pasos,
¡FIAT! direille ó caos do solpor.»

E nun éxtase exclama: «De estrelada
coroada reviravolta a terra;
mañá veremos renacer o sol;
se co carro de luz, que añora o peito,
non doura outro país ata o mencer,
¿que vai facer, dicide, á Occidente?»

»O mar que ós vosos pés se dorme e soña
 ¿non trae doutras praias a harmonía?
 ¿o aire non trae de paraíso aromas,
 nin queixosos suspiros de serea
 que busca doutros brazos a cadea,
 o seu corazón morrendo de saudades?».

Con verbas máxicas, entón o sabio
 as verdades asculca que, entre fábulas,
 en vellos pergaminos escolmou;
 de Plíneo e Estrabón ¹ fai plaxios de ouro,
 retrae do noso Séneca ² os presaxios,
 e os soños e recordos do pasado.

Di ter visto, do Océano entre rochas,
 de piñeiros magníficos canotos,
 e que da illa das Flores ³, entre as rochas,
 a onda ribeirana abandonara
 cadáveres de cara vermelloa,
 dun segredo do mar reveladores.

Abrázao o engade: « ¿Atarías,
 xenio das profecías derradeiras,
 os extremos da terra cal dun manto?
 Mensaxeiro do Altísimo, vai; a onda,
 que, para traerte a porto, un pau che deu,
 darache un barco para abrir un mundo.»

¹ Plinio, no cap. 3 do libro segundo da súa Historia Natural, di que o mar circunda a terra, e que a súa larganza de Levante a Poente chega dende a India ata Cádiz. Estrabón, no libro primeiro da Cosmografía, afirma que o mar rodea a terra, que por Levante bana toda a Indiae por Poente Espana e Mauritania, e que se podena navegar dun ó outro país de non impedilo o Atlántico.

² Venient annis

Secula Seris, quibus Oceanus

Pateat tellus, Typhisque novos

Detegat orbis, nec sit terris

Ultima Thule.

Vede a preciosa parafrase que destes versos da medea fixo Colón no sen libro de Profecías:

«Ver han los tardos años del mundo ciertos tiempos en los cuales el mar Océano aflojara los atamientos de las cosas y se abriera unha grande tierra: y un nuevo marinero como aquel que fué guía de Jason, que hobo nombre Tiphis, descubrirá nuevo mundo; ya entonces no será la isla Thule la postrera de las tierras.»

³ Ilia das Flores. A mais occidental das Azores.

«Si que mo dará», dille, « e para ter
 dos pazos de Neptuno a mellor perla,
 eu tornarei o Atlántico a pontear.
 Esperta, humanidade; mira a túa Eva
 que dun leito de flores se levanta;
 ¡Vaina abrazar, Adán dos continentes!».

E, tal astro empurrado por un deus,
 a Xénova a fermosa encamiñouse,
 para a chave levar do Edén da terra;
 mais ela, tal galeira desarmada,
 as ás ó vento non se atreve a abrir
 que a alzaría arriba en demasía.

Vendo que Xénova lle pecha a porta,
vira os ollos a Venecia, aínda
forte para cargar un continente;
mais, afeita da guerra ó terremoto,
oe o proxecto de ensanchar a terra
cal palabras de lingua incomprendida.

¡Ai! dos Duques non é xa o mar esposa,
pois doutra man máis pura e máis fermosa
espera recibir nupcial anel.

«¡A Iberia volve!» o xenovés exclama,
e entra en Lisboa cando saía Gama
a dar a volta a Libia cun vaixel.

A Xoán Segundo oferta lle fai, ledo,
que proba, ingrato, de quitarlle a gloria;
e, véndose na terra xa perdido,
dos seus soños no ceo busca un astro,
e vete a ti, Sabel da gran Castela,
a raíña das raíñas que existiron.

Ti sopesaches, soa ti, a idea;
ti mediches dun golpe a súa ollada,
e a luz da súa fronte comprendiches
cando ós teus pés dicía: «Gran Señora:
dádeme, se vos praxe, uns navíos

e volvereichos remolcando un mundo.»

SOÑO DE SABEL

Ela pon a man nas sens,
coma un anxo medio rindo;
volve a Fernando os seus ollos
e así lle di xentilmente:

«Ó apuntar a aurora clara
jai! cun Colom soñei;
o meu corazón soña aínda
que era ese soño verdade.

»Soñaba que a mora Alhambra
me abría o seu corazón,
de perlas e de harmonía
niño colgado no ceo.

»Fóra, con bandadas de aves,
suspiraban os falcóns,
dentro do harén cantos oíndo
de anxos puros do paraíso.

»Inspirada neses mármore,
bordábache eu rico manto,
cando entre árbores vin

roxear bonito paxaro.

»Polo musgo saltareiro,
dábame a boa mañá;
a súa voz era doce,
coma do romeu o mel.

»Da súa mensaxe presa,
o anel me quitou,
anel de prometidos,
rica xoia de arte mouro.

»"Paxaro de brancas ás"
dixen, "polo meu amor,
saltando por esas polas
non perdas o meu tesouro".

»E revoa polos aires
e o meu corazón con el;
¡ai, anel de cen veres!
¡nunca te vira tan belo!

»Terra a fóra, terra a fóra,
ata o mar funo seguindo,
cando do mar fun á beira
sentei triste a chorar,

»pois de vista xa o perdía,
e entón ¡como reluciu!
semellaba, que nacendo,
da alba poñíase a estrela.

»Cando en ondas do serán
o anel deixou caer,
coma sílfides e ondinas,
saíron illas en flor.

»Semellaba un mediodía,
de rubís e de esmeraldas,
pequeno ceo de poesía
feito polos serafíns.

»El, cantando himnos festivos,
unha grinalda teceu;
coróame humilde a testa,
cando un gozo me espertou.

»Este *COLOM* é quen fala,
un mensaxeiro de Deus;
temos que encontrar, esposo
do meu corazón, as Indias.

»Toma, Colón, as miñas xoias;
compra, compra, aladas naves;

eu adornarei o meu peito
con violetas e con rosas.»

Di: e de aneis e arracadas
íspese, con mans de neve,
coma das perlas un ceo;
ri e chora el de alegría
e, co seu corazón ledó,
perlas ¡ai! de máis valía
caen dos ollos de Sabel.

No intre axexa o sol dentro da Alhambra,
e coa súa raiola a cámara enche;
chea de ouro, topacios e zafiros;
e con refracción ilusionada,
a aureola de gloria envolve ós tres,
cal sombra dos electos do paraíso.

Encontra Colón naves, afrontando
coa súa tosca á, magnánimo, o mar,
e a humanidade dille que tolea;
ó Xenio que á levaba, no seu voo,
de promisión á terra tan soñada,
cal Moisés polas augas do Mar Vermello.

O sabio vello albíscao dende un cume
e sente estremecer o corazón;

fermoso e doce ve ó Anxo de España,
que onte con ás de ouro cubriu Granada,
amplalas hoxe coma a estrelecida
a converter a terra no seu manto.

Ve emparentar co imperio español
a árbore da Cruz noutro hemisferio,
e o mundo á súa sombra florear;
encarnarse dos ceos os saberes;
e dille ó que se lanza ó seu labor:
«Voa, Colón,... ¡xa podo faceler!»

Este libro "A Atlántida"
rematouse de imprimir nos
talleres de Aroprint, s.l. de
Vilagarcía de Arousa
o día 5 de xaneiro
de 1995, véspera
de Reis